

festival
de caps

16 AO 20 DE MAIO

ENTRADAS EN festivaldecans.gal

20 anos de
Agroglamour

XX
EDICIÓN

JALPÓN PRIKI GALIÑEIRO INVERNADOIRO TORREIRO DAS ESTRELAS

CANS

O PORRIÑO

2004 ★ 2023

Estrella
Galicia

★ dossier ★
de prensa

Patrocinadores

Patrocinan



Apoian



Apadríñan



Colaboran



Medios



Festival asociado a



Unha edición moi especial	06
---------------------------------	----

Homenaxes	07
-----------------	----

Premios	09
---------------	----

Xurados	10
---------------	----

Sección oficial:

Curtas de Ficción e Animación	13
-------------------------------------	----

Curtas de Non Ficción (Furacans)	17
--	----

Curtas de Novas Camadas	21
-------------------------------	----

Clips	24
-------------	----

Longametraxes:

• Film de apertura: “Honeymoon”	25
---------------------------------------	----

• Sesión especial Día das Letras Galegas: “Matria”	26
---	----

• “Unicorn Wars”	27
------------------------	----

• “Sica”	27
----------------	----

Documentais	28
-------------------	----

Foco Internacional: Valérie Massadian	29
---	----

Retrospectivas	32
----------------------	----

Coloquios e encontros	33
-----------------------------	----

Actividades paralelas	36
-----------------------------	----

Música	40
--------------	----

Audiovisual e música	41
----------------------------	----

Minicans	47
----------------	----

LendoCine	49
-----------------	----

Tapas de cine	50
---------------------	----

Exposicións	51
-------------------	----

Cans Participa	52
----------------------	----

Emocións en Cans	54
------------------------	----



LUIS ZAHERA, PREMIO PEDIGREE 2023



MELANIA CRUZ, ÁNGEL SUANZES HOMENAXEADOS



QUIQUE OTERO PRESENTARÁ HONEYMOON CON NATHALIE POZA E JAVIER GUTIÉRREZ



RAQUEL SHEFFER E XAVIER VALIÑO ENTRE OS XURADOS



AS FILLAS DE CASSANDRA, LOS PUNSETES E MR. KILOMBO ENTRE AS ACTUACIÓN MUSICAIS



ENTRE OS XURADOS: SANTI PREGO, NEREA BARROS
OU CARLA SUBIRANA




LONGAMETRAXES QUE SE PRESENTARÁN NESTA EDICIÓN



FOCO INTERNACIONAL ADICADO
Á DIRECTORA FRANCESA VALÉRIE MASSADIAN



VISITARANOS O DIRECTOR
DE "MATRIA" ÁLVARO GAGO



DOCUS E LONGAS QUE SE PRESENTARÁN NESTA EDICIÓN



MARÍA VÁZQUEZ VIRÁ FALARNOS
DE MATRIA



UNHA EDICIÓN MOI ESPECIAL

O Festival de Cans celebra este ano a súa XX edición. Vai ser unha edición mol especial. Unha edición para celebrar que aquela idea, que un día nacera como unha brincadeira nunha tarde de sábado, converteuse nun dos grandes referentes da cultura e do cinema en Galicia.

A XX edición quere ser unha gran festa, un reencontro con moitas e moitos vellos amigos e, ao mesmo tempo, coma sempre, un lugar para descubrir a novos e novas cineastas. Recuperamos con forza un lugar emblemático coma o Torreiro, viviremos con intensidade o Invernadoiro, teremos unha xornada moi especial o Día das Letras Galegas, volvemos a un gran foco internacional e as nenas e nenos dos colexios volven invadir as mañás da aldea.

Ademáis, despois da travesía dos anos de pandemia, o público do festival poderá volver subir aos chimpíns, 25 actuacións musicais en cinco días, 40 curtametraxes, 8 longametraxes, coloquios, exposicións, roteiros, actividades arredor do cinema como pintura, humor gráfico ou gastronomía.

Pero por enriba de todo, hai algo que vai marcar esta XX edición:

a emoción.

Alfonso Pato.

Premio Pedigree 2023

Luis Zahera



Ademais da súa popularidade en series de televisión, Luis Zahera construíu unha sólida traxectoria en máis de 35 longametraxes ás ordes de realizadores coma Fernando León de Aranoa, Daniel Monzón, Alejandro Amenábar ou Rodrigo Sorogoyen, quen o dirixiu en dous filmes que lle valeron o **Premio Goya ó Mellor Actor de Reparto: “El reino”, en 2019, e “As bestas”, en 2023**. Intérprete versátil con igual dominio do rexistros cómico e dramático, **Zahera é un actor forxado nas curtas: participou en máis de vinte, moitas delas vistas en Cans, festival fundamental na súa traxectoria** e onde gañou o Can de Pedra en 2008, por Rosita y Jacinto, de Alber Ponte, e en 2012, por Conversa cunha muller morta, de Sonia Méndez. **Asiduo ó noso certame desde as primeiras edicións, o Pedigree de Honra 2023 vai para un dos grandes intérpretes do audiovisual galego.**



Luis Zahera co seu Goya por “As bestas” | Premiaddo en Cans en 2008 | No 2019 co director Rodrigo Sorogoyen

Chimpíns de Prata, Premio Pepe Puime

Melania Cruz e Ángel Suanzes



Melania Cruz é unha das actrices máis importantes do teatro e do cinema galego actuais. Galardoada en tres ocasións co Premio Mestre Mateo —polos papeis que comuxo en Dhogs, de Andrés Goteira; en Trote, de Xacio Baño, e en Ons, de Alfonso Zarauza—, protagonizou moitas das curtametraxes que pasaron por Cans. Nas últimas edicións, participou con regularidade nos coloquios Aisge e converteuse nunha das nosas mellores embaixadoras. Pola súa traxectoria e o seu compromiso co festival, este ano recibirá o Chimpín de Prata.



Ángel Suanzes foi durante 17 anos un dos xornalistas cinematográficos de referencia na TVG. En 2006, para o programa Planeta cine, cubriu por primeira vez o noso festival, do que seguiría informando en sucesivas edicións, entrevistando a cineastas coma Fernando Trueba, Isabel Coixet ou Fernando León de Aranoa. Nunha das súas visitas a Cans coñeceu a Divina Campos, veciña da alcade, á que convidou a compartir as tarefas de crítica no espazo A Solaina, da televisión autonómica. O Chimpín de Prata que lle concede o Festival de Cans é un recoñecemento á súa destacada carreira e, ó mesmo tempo, unha reivindicación da importancia das e dos profesionais que fan crónica cultural nos medios de comunicación.

Chimpín de Prata, Premio Divina Campos

María Jesús Sánchez, Mari da Carreira



Mari da Carreira, como a coñecemos na aldea, é unha das persoas imprescindibles nese traballo fundamental —e case nunca visible para o público— sen o que non poderíamos sacar adiante o festival. Pandereteira, alquimista do licor café especial que tanto éxito ten entre as convidadas e convidados, recrutadora do xurado da veciñanza ou organizadora da homenaxe ó Can de Pedra que abre cada ano a nosa programación, a Mari sóbralle méritos para recibir o Premio Divina Campos.



SECCIÓN OFICIAL. COMPETICIÓN.

11.000 € en premios (+ 2.000€ en material audiovisual canxeable)

curtas

- **PREMIO DO XURADO Á MELLOR CURTAMETRAXE DE FICCIÓN**
2.000 euros + Can de Pedra
- **PREMIO “ESTRELLA GALICIA” DO PÚBLICO Á MELLOR CURTAMETRAXE DE FICCIÓN**
1.500 euros + Can de Pedra
- **PREMIO Á MELLOR CURTAMETRAXE DE ANIMACIÓN** 1.500 euros + Can de Pedra
- **PREMIO DO XURADO Á MELLOR CURTAMETRAXE DE NON FICCIÓN (SECCIÓN FURACANS)** 1.500 euros + Can de Pedra
- **PREMIO “DELEITE” DO XURADO Á MELLOR CURTAMETRAXE DE NOVAS CAMADAS**
1.000 euros + Can de Pedra
- **PREMIO ESPECIAL DO XURADO DOS VECIÑOS E VECIÑAS Á MELLOR CURTAMETRAXE DE FICCIÓN E ANIMACIÓN**
300 euros + Can de Pedra
- **PREMIO “AGAG” DO XURADO AO MELLOR GUIÓN**
300 euros + Can de Pedra
- **PREMIO “CREA” DO XURADO Á MELLOR DIRECCIÓN**
300 euros + Can de Pedra
- **PREMIO “RC Service” Á MELLOR DIRECCIÓN DE FOTOGRAFÍA**
300 euros + Can de Pedra + 1.000 euros en desconto en material de rodaxe na empresa RC Service
- **PREMIO “AISGE” DO XURADO Á MELLOR INTERPRETACIÓN FEMININA** 300 euros + Can de Pedra
- **PREMIO “AISGE” DO XURADO Á MELLOR INTERPRETACIÓN MASCULINA** 300 euros + Can de Pedra
- **PREMIO “GADIS” Á MELLOR BSO** 300 euros + Can de Pedra

clips

- **PREMIO LASAL COCINAS DO XURADO AO MELLOR VIDEOCLIP**
500 euros + Can de Pedra
- **PREMIO DO PÚBLICO AO MELLOR VIDEOCLIP** 300 euros + Can de Pedra

pintura

- **PREMIO IV Concurso de Pintura rápida GALPI**
1º premio 400 euros + Can de Pedra
2º premio 200 euros + Can de Pedra

FICCIÓN / ANIMACIÓN



Santi Prego, actor. Licenciado en Filosofía e profesor da Escola Superior de Arte Dramático (ESAD), Santi Prego é un actor vigués moi popular en Galicia por numerosas series de televisión, pero con ampla traxectoria tamén no teatro e no cinema, onde traballou con directores coma José Luis Cuerda, Gutiérrez Aragón ou Alejandro Amenábar. O seu papel no filme *Mientras dure la guerra*, valeulle a candidatura a Mellor Actor Revelación nos Premios Goya de 2020. En 2022 gañou o premio de mellor intérprete no Festival de Cans, polo seu traballo no corto *Devoradora de nenos*, de Fran X. Rodríguez.




Carla Subirana, directora e guionista. Carla Subirana compaxina o seu traballo como cineasta —que se move entre a ficción e o documental— coa labor docente na Facultade de Ciencias da Comunicación Blanquerna e na Universidade Pompeu Fabra barcelonesas. A súa ópera prima, *Nadar* (2008), é un filme autobiográfico que trata sobre a memoria histórica e persoal. Ademais de participar como xurado, a directora catalá estreará este ano en Cans a súa longametraxe *Sica*, rodada na Costa da Morte, antes de que chegue ás salas e logo de pasar con éxito polo Festival de Berlín. Na sección Fillos e fillas de Cans xa tivemos ocasión, en 2022, de ver algunhas imaxes inéditas desa cinta.



Isabel Ruiz Lara, directora do programa “Tres en la carretera” de Radio3, xornalista, actriz e realizadora de programas dramáticos e de ficción. Vinculada a RNE desde 1982, Isabel Ruiz Lara está detrás, como directora, presentadora ou colaboradora, dalgúns dos programas e espazos relacionados co cinema máis celebrados da canle nacional: *El postre*, *Cinesporas* ou *Asuntos propios*. Dirixe e presenta os fins de semana *Tres en la carretera*, labor que compatibiliza coa realización de audiodramas.



Nerea Barros, actriz e directora. Debutou no cine coa película *Nena*, do director galego Xavier Bermúdez, antes de que lle chegase a popularidade en Galicia coa serie *Matalobos*, á que lle seguirían *Padre Casares*, *El secreto de Puente Viejo*, *El tiempo entre costuras* ou, máis recentemente, *Operación Marea negra* e *La novia gitana*, entre outras. En 2014 interpretou o personaxe de Rocío en *La isla mínima*, por cuxo papel gañou o Premio Goya á Mellor Actriz Revelación. Protagonista tamén de *La isla de las mentiras* (2020), dirixida por Paula Cons, o seu primeiro traballo como realizadora foi a curta *Memoria* (2022), no que narra a traxedia ecolóxica do mar de Aral.



Alberte Branco, director de fotografía. A súa paixón é contar historias a través de imaxes en movemento. Participou en filmes de directores como Alfonso Zarauza, Margarita Ledo Andión, galardonada o pasado ano co premio Pedigree do Festival de Cans; Jaione Camborda, Anxos Fazáns, Ángel Santos e Ignacio Vilar. No ámbito da televisión a comedia de situación *Era Visto!* e o late night show *Somos unha potencia* son representativos do seu traballo neste medio.

FURACANS (NON FICCIÓN) E NOVAS CAMADAS



Dario Oliveira, director do Festival Porto/Post/Doc. É un dos grandes referentes no círculo de festivais cinematográficos de Portugal. Profesor de cine e director e fundador do Porto/Post/Doc de Porto, tamén foi o creador e máximo responsable do Curtas Vila do Conde-Festival Internacional de Cinema, unha das citas de curtametraxes máis prestixiosas do mundo, e consultor para numerosos certames e institucións.



Raquel Sheffer, investigadora, programadora e cineasta. Programadora e asesora de importantes festivais, Raquel Sheffer imparte tamén clase na Université Sorbonne Nouvelle-París 3. Publicou na Arxentina o libro O autorretrato no documental, así coma numerosos artigos sobre teoría do cinema en publicacións internacionais. Codirectora do revista La Furia Umana, na Universidade de Lisboa coordina o grupo 'Cultura visual, migración, globalización e descolonización'.



Eloy Domínguez, cineasta. Traballou como crítico de cine para radio e prensa e foi membro do Xurado Novo da Bienal de Venecia, en 2010. En 2012 trasladouse a Suecia, onde realizou a súa primeira curta, Pettring. O seu filme No Cow On the Ice acadou premios en Toulouse, Filmadrid, Play-Doc, La Alternativa ou Márgenes. Hamada, a súa segunda longametraxe, foi galardoada no D'A barcelonés, en 2019. Coa curta Rompente, triunfou na sección de Ficción do Festival de Cans e foi gañadora da Biznaga de Prata á Mellor Curtametraxe no Festival de Málaga e candidata aos Premios Goya 2023. Eloy Domínguez é un grande entusiasta de Cans, onde concursa habitualmente e participa en coloquios e charlas sobre os seus traballos. Nas últimas edicións achegounos a correspondencia audiovisual que mantén co seu amigo colombiano Samuel Moreno.

VIDEOCLIPS

Area Erina, creadora audiovisual. Area móvese entre os ámbitos da instalación, o videoarte e o live cinema, co que traballou co grupo musical CintaAdhesiva. En 2016 o Festival de Cans adicou unha retrospectiva ó seu traballo na intersección entre a música e as imaxes, e en 2021 estreou no festival o seu documental Emma, sobre a pianista Emma Pino.

Xavier Valiño, xornalista musical e escritor (Cospeito, 1966). É un dos máis reputados críticos musicais galegos, que ten traballado nos medios máis prestixiosos, como Ruta 66, Mondo Sonoro ou Efe Eme, ademais de colaboración en distintos programas de TVG e da Radio Galega. Ten publicado unha dúcia de libros arredor do pop, o rock, a censura musical, e tamén arredor do cinema e a música, como Las 100 mejores películas de rock.

Javi Camino, cineasta e realizador de videoclips (Santiago de Compostela, 1982). Coa súa última longametraxe de ficción, Jacinto, gañou o premio do público Panorama Fantastic no Festival de Sitges, en 2021. Máis alá do seu traballo como cineasta, é un prolífico director de videoclips. Ten dirixido máis de 20 clips, para grupos como Novedades Carminha, Triángulo de Amor Bizarro, Disco las Palmeras ou Linda Guilala. Gañou dúas veces nesta categoría no Festival de Cans.



VECIÑAS E VECIÑOS DE CANS

Rebeca Cabaleiro. Do barrio das Sequeiras. Ten 47 anos, é traballa habitualmente como cociñeira no restaurante familiar.

Francisco Novás, "Paco do Buraco". Ten 73 anos e é do barrio do Buraco. Antes de xubilarse foi emigrante en Venezuela e despois traballou como ferreteiro e cerralleiro. Un loitador por preservar a tradición, que impulsa a rehabilitación do "Muíño do Buraco".

Lorena Rodriguez, "Lorena da Carreira". Vive no Barrio da Carreira, ten 36 anos e traballa como taxista. Unha das poucas mulleres taxistas que temos no Porriño.

Carmen Marino Campos, "Carme do Castillo". Ten 77 anos e é do Barrio do Castillo, o barrio de Cans con máis tradición de vendedoras nas feiras. Pasou varias décadas vendendo rosquillas polas feiras e festas de Galicia e agora está xubilada.

Jordan Solla. Vive no Barrio da Graña, ten 34 anos e traballa en loxística de medio ambiente.





1

FICCIÓN / ANIMACIÓN

BLOQUE 1

Baixo de Bugarín, Baixo de Moncho, Baixo de Alfonso e Cuberto de Chelo

Sábado 20 | Pase matinal, ás 10 e ás 13.30 h. | Pase de tarde, ás 16.30 e ás 20.30 h.



DIN QUE NON FALAN

2023 | 17' | España | Galego | Estrea en Galicia

Dirección: Antón Santos Díaz

Guión: Pablo García Canga, Santos Díaz **Produción:** Ángel Santos Touza **Fotografía:** Tono Mejuto **Montaxe:** Ángel Santos, Santos Díaz **Música:** Beatriz Vaca (Narcoléptica) **Intérpretes:** María Vázquez, Xosé Barato, Lúa Pagán, Jacobo Mo, María Costas **Vai de:** Ós pés dun outeiro no límite da cidade, dous vellos amigos pasan o tempo sentados nunha rocha. De alí a pouco, dous mozos ocupan ese mesmo lugar. Búlen as conversas, que revelan suxestivos paralelismos entre as vidas e os sentimentos de todos. Á noite, unha muller madura evoca lembranzas e poesía e confirma certo misterio que o envolve todo: natureza, corpos e palabras. **O detalle:** Esta curta foi seleccionada na competición da última edición do D'A Film Festival Barcelona.



CARRAXE

2023 | 11' | España | Galego | Estrea absoluta

Dirección: Muriel Pernas

Produción: Lucas Orlando, Muriel Pernas **Montaxe e fotografía:** Lucas Orlando **Produtora:** Queima Studio **Música:** Nico Vieites, Adrián Seijas **Intérpretes:** Mabel Rivera, Roberto Leal, Aicha Villaverde, Valentina Quiza **Vai de:** Na Galicia rural, un matrimonio de anciáns vive afogado na rutina. Sole está reclusa na casa, pendente sempre do seu home, como lle aprenderon. Tódalas noites Mario chega borracho; tódolos días son o mesmo día. A rabia amoreouse nas súas vidas, pero só un deles e quen de botala fóra. **O detalle:** Estreamos en Cans o debut na dirección do actor Muriel Pernas, nun filme cun man a man interpretativo entre Mabel Rivera e Roberto Leal para non perder.



AMANECE LA NOCHE MÁS LARGA

2022 | 9'10" | España | Español | Animación | Estrea en Galicia

Dirección e guión: Lorena Ares, Carlos Fernández de Vigo

Produción: Carlos Fernández de Vigo, Joaquín Calderón, Mintxo Díaz **Produtora:** New Gravity Laws **Fotografía:** Marcos García **Montaxe:** Lorena Ares, David Gallart **Música:** Mikel Salas **Intérpretes:** Morte: Camilo García; Peste: Mercè Montalá; Fame: Roger Pera; Guerra: Joaquín Calderón **Xénero:** Animación, fantástico **Vai de:** Os catro Xinetes da Apocalipse analizan o estado da humanidade e debaten as súas estratexias para o futuro. Unha débil e moribunda Morte recibe os seus compañeiros coa intención de convencelos para que torturen menos os humanos, pero Fame, Peste e Guerra soñan cunha humanidade atrapada nun mundo sen escapatoria. **O detalle:** Baseada nun relato de Ángel de la Cruz, foi nominada á Mellor Curtametraxe de Animación nos premios Goya 2023 e seleccionada para os Oscar.



1

FICCIÓN / ANIMACIÓN

BLOQUE 1 (CONTINUACIÓN)

Baixo de Bugarín, Baixo de Moncho, Baixo de Alfonso e Cuberto de Chelo

Sábado 20 | Pase matinal, ás 10 e ás 13.30 h. | Pase de tarde, ás 16.30 e ás 20.30 h.



ULISES

2022 | 24' | España | Galego | Estrea en Galicia

Dirección e guión: Félix Brixel

Produción: Suso López, Félix Brixel, Laura Doval, Andrés Goteira **Produtora:** Gaitafilmes**Fotografía:** Paula Quiroga **Montaxe:** Eloy Enciso, Félix Brixel **Banda Sonora:** Johann Sebastian Bach**Intérpretes:** José Luis "Trinky", Diego Anido, "Flako" Estévez **Xénero:** Ficción **Vai de:** Ulises sofre un severo trastorno psicomotor, por iso coída del o seu irmán. Un día deixa a casa familiar e decide enterrarse vivo. O irmán, desesperado, atópao e convénceio para volver, pero xa non sabe que facer para protexelo. **O detalle:** Félix Brixel, profesor universitario, dirixiu traballos de aprendizaxe como A cat in the window (2018), Mención do Xurado no Festival de Cans. *Esta é a primeira curta profesional do creador de Boiro, presentada na sección oficial do Festival de Málaga.*

O NENO SARDIÑA

2022 | 13' 45" | España | Galego | Estrea en Galicia

Dirección e guión: Lucía Estévez

Produción: Natí Juncal, Sonia Méndez **Produtora:** Cósmica Producións **Fotografía:** Lucía C. Pan**Montaxe:** Lucía Estévez, Brandán Cerviño **Son:** Xavi Souto, Xavier Pato **Música:** Mario G. Cortizo**Intérpretes:** Miguel Canalejo, María Vázquez, Fran Martínez, Diego Anido, María Roja, Cristina Andrade, Camila Bossa, Carmen Blanco, Alejandro Losada, Santiago Rodríguez, José Blanco**Xénero:** Drama, ficción **Vai de:** No río Miño, un neno-sardiña cruza a corrente deixando atrás as persoas que festexan o seu enterro na fin do Entroido. Descoñécese que provoca a súa transformación; din que os ollos máis atentos poden captar a humidade na súa pel. A súa existencia está confirmada, ninguén no lugar alberga dúbidas. **O detalle:** *Seleccionada en competición no Festival de Xixón. É a quinta curtametraxe de Lucía Estévez como directora, a que filmou despois d'O niño dos paxaros, que tivemos ocasión de ver no festival de Cans.*

O COIDADO

2023 | 18' 25" | España | Galego | Estrea absoluta

Dirección e guion: Miguel Canalejo

Produción: Bea Villar **Fotografía:** Miguel Gomar **Montaxe:** Laura Piñeiro **Música:** Luis Álvarez Cabado**Intérpretes:** "Tatán" R. Cunha, Alejandro Jato, Santi Cuquejo, Xoán Fórneas, Gloria Marín, Gemma do Carmo**Vai de:** Eduardo (70 anos) é un home que empezará a ter problemas para coidar de si mesmo. Na súa casa, a que noutro tempo foi a casa familiar, vive só cun androide cuxa única función é mellorar a súa calidade de vida. A través do trato co robot, Eduardo atopa a relación de intimidade que non é quen de afianzar co seu fillo Anxo (30 anos). **O detalle:** *Esta curta supón o debut como director do actor Miguel Ángel Canalejo.*



2

FICCIÓN / ANIMACIÓN

BLOQUE 2

Baixo de Bugarín, Baixo de Moncho, Baixo de Alfonso e Cuberto de Chelo

Sábado 20 | Pase matinal, ás 10 e ás 13.30 h. | Pase de tarde, ás 16.30 e ás 20.30 h.



PARAFUSO

2022 | 8' 40" | España | Galego | Estrea absoluta

Dirección e guión: Rocío Torres Pumeda

Montaxe: Alex Penabade, Rocío T, Pumeda **Música e Banda Sonora:** Xavi Bértolo **Intérpretes:** María Tasende, Carlos Villa, Xulio Abonjo, Xoque Carvajal, Manolo Arauxo, Celia Tena Gómez, Magdalena Portela **Xénero:** Ficción **Vai de:** Magda é unha muller de 47 anos. Hai un ano que lle diagnosticaron PAS, un trazo da personalidade que non se considera un trastorno psiquiátrico, senón que fai referencia a unha persoa altamente sensible. Moitas persoas con PAS son brillantes; outras poden sufrir ansiedade, fobia ou depresión crónica. Conseguirá Magda os recursos para saír adiante? **O detalle:** *Unha mirada con perspectiva de xénero sobre un tema de total actualidade: a saúde mental.*



ALICIA FAI COUSAS

2023 | 25' 25" | España | Galego | Estrea en Galicia

Dirección e produción: Ángel Santos Touza

Guión: Pablo García Canda, Ángel Santos **Produtora:** Amateursfilms **Fotografía:** Isaura Docampo **Montaxe:** Marcos Flórez, Ángel Santos **Son:** Xavier Souto **Banda sonora:** Grande Amore, Esposa, Tchaikovsky **Reperto:** Alicia Armenteros, Alejandro Jato, Sara Ferro, Xiana Prada, Inés Santos, Damián Villalain **Xénero:** Ficción **Vai de:** Alicia ten 25 anos. Está obsesionada, metéuselle na cabeza que é aburrida, ou que está aburrida, ou quizais só que todo é aburrido. Mentres se prepara para unha audición, pensa se debería apuntarse a algún curso e dubida se ir ou non ir a unha festa. **O detalle:** *Ángel Santos é o autor da longametraxe Las altas presiones, presentada en 2015 no Festival de Cans, ondea pasada edición levou o Premio ó Mellor Guión por Así vendrá la noche.*



SANDWICH CAT

2022 | 11' | España | Español | Estrea en España

Dirección e guión: David Fidalgo Omil

Produtor: Daniel Rodríguez Palacios **Produtora:** Digital Monster Collective **Son:** Noel Rodríguez **Banda sonora:** Sofía Oriana Infante **Xénero:** Animación, comedia **Vai de:** David vive só co seu gato, Sandwich Cat. Parecía un día calquera sen máis, pero unha visita inesperada levaralle a unha reflexión crucial para a humanidade **O detalle:** *Coa súa curta Homomaquia, Fidalgo recibiu no Festival de Cans a Mención Especial do Xurado, acadou o premio á Mellor Curtametraxe de Animación pola Academia Galega do Audiovisual no 2020 e foi candidata ós Goya.*




2

FICCIÓN / ANIMACIÓN

BLOQUE 2 (CONTINUACIÓN)

Baixo de Bugarín, Baixo de Moncho, Baixo de Alfonso e Cuberto de Chelo

Sábado 20 | Pase matinal, ás 10 e ás 13.30 h. | Pase de tarde, ás 16.30 e ás 20.30 h.

**A RABIA**

2022 | 16' | España | Galego | Estrea en Galicia

Dirección: Alberto Díaz López

Producción executiva: Laura Mato **Guión:** Ángela Andrada, Alberto Díaz **Fotografía:** Miguel Ángel Viñas **Montaxe:** Raquel Sánchez **Son:** Ignacio Román Muñoz **Música:** Carme Rodríguez **Intérpretes:** Zoe García de la Torre, Samu Piñeiro Durán, Antonio Durán "Morris", María Vázquez, Xosé Antonio Touriñán, Gemma do Carmo, Jorge Casas **Xénero:** Ficción **Vai de:** A vida de Filomena está tinguida de pobreza e dunha triste sombra de calamidade e tormento. Os terribles acontecementos da súa infancia, nunha aldea galega de finais do século XIX, marcarán o carácter da súa existencia. A pesar de todo, terá oportunidade de cambiar o seu destino? **O detalle:** Vén de recibir o galardón á mellor curtametraxe do festival Cuoweb-fest do Perú.

**LA CHIQUITA GUAPA Y LISTA**

2022 | 14' 39" | España | Español | Estrea en Galicia

Dirección, guión e produción: Paula González García

Montaxe: Paula González García e Carlos Cañas **Fotografía:** Andrés García Coello e Gloria Asla **Xénero:** Ficción **Vai de:** A rapaza guapa e lista é, pois iso, unha rapaza guapa e lista **O detalle:** Paula González García, tamén coñecida como Puchi, é unha cineasta especializada en cine documental e comisariado cinematográfico. O seu traballo mostrouse en festivais como FIDMarseille, DocsBarcelona, Curtocircuíto, Festival dei Popoli ou Festifreak, entre outros.

**SACRIFICIO**

2023 | 6' | Alemaña | Alemán (Subtítulos en galego) | Estrea absoluta

Dirección, guión, produción e montaxe: Xabier Rúa Pérez e Xosé Dopazo Santos

Fotografía: Xabier Rúa **Música:** Helmut Lachenmann **Banda sonora:** Mouvement (- vor der Erstarrung) **Intérpretes:** Lilith Burkamp **Xénero:** Ficción **Vai de:** Unha muller vaga perdida á través dun misterioso bosque no que todos os camiños conducen ó mesmo lugar. Desesperada, continúa infatigable a súa marcha pois ten unha importante misión que cumprir. Unha reflexión sobre a necesidade do ser humano de lle atopar un sentido á súa existencia, unha busca inexorable para fuxir do profundo medo que provoca a posibilidade do absurdo e que termina converténdose nunha fuxida á través dun labirinto, nun bosque de sendeiros que se bifurcan, se entrelazan e retornan ó punto de saída. **O detalle:** Xabier e Xosé viven en Alemaña desde onde desenvolven o seu traballo e coñecen ben o Festival de Cans, no que estrearon a súa curtametraxe A cova na 18ª edición.




1

FURACANS / NON FICCIÓN

BLOQUE 1

Casa de Mari | Casa do Carreira (só na sesión da tarde)

Sábado 20 | Ás 10 e ás 13.30 horas e ás 17 e ás 20.30 h.



MY TRUTH

2022 | 6' 33" | España | Inglés | Subtítulos en castelán | **Estrea en Galicia**

Dirección e guión: Marta Bouzas

Produción: Marta Bouzas, Alexandre Balea **Montaxe e fotografía:** Alexandre Balea **BSO:** Andrés Caamaño **Banda sonora:** The Caretaker **Reparto:** Pablo Quintá e Anthoni Grande **Vai de:** Vídeo ensaio documental que narra a vida do protagonista, un mozo que padece trastornos mentais. O propio protagonista vai explicando esas doenzas a través de tres poemas que estruturan os tres actos do filme. O primeiro mostra unha etapa inicial de auto-coñecemento, onde sofre o síndrome do impostor; o segundo, unha fase na que renega de si mesmo e da imaxe que ofrece ós demais, onde revela os síntomas da despersonalización; e o terceiro, un período final no que conta unha grave depresión que desemboca en condutas autodestrutivas. **O detalle:** *A debutante Marta Bouzas reflexiona sobre a conexión entre imaxes e testemuñas relacionadas coa saúde mental.*



NINGÚN DEUS

2022 | 18' 03" | España | Galego | **Estrea en festivais**

Dirección, guión, fotografía e montaxe: Miriam Opazo Ojea

Vai de: É un proxecto que fala sobre a identidade a través do Entroido tradicional do rural da provincia de Ourense. A partir dos días e momentos previos á primeira saída dunha das máscaras tradicionais, o peliqueiro de Laza, esta peza flúe entre o caos e a calma, constituíndo un espazo mediante o que compartir unha reflexión que medra de dentro cara a fóra: desde o autobiográfico e concreto, cara a algo máis universal e abstracto. Ningún Deus acontece en Laza, pero podería acontecer en calquera outro pequeno lugar no interior de Ourense **O detalle:** *Interesante debú de Miriam Opazo, galega formada na Universidade de Salamanca, onde se achega de forma autobiográfica ó Entroido de Laza.*



A LINGUA RESISTE NO ESTÓMAGO DUN AGRICULTOR MORTO

2022 | 7' | España | Galego | **Estrea en Galicia**

Dirección, fotografía, música e montaxe: Acacia Ojea López

Guión: Lupe Gómez **Produción:** Gonzalo E. Veloso **Banda sonora:** Caos Graníticos, de Mounqup **Xénero:** Documental **Vai de:** As palabras de Lupe Gómez dialogan coas imaxes dunha Galicia contemporánea filmada por Acacia Ojea. Unha conversa sobre como nos enfrontamos e abrazamos ás tradicións, como as reproducimos desde abaixo e nos condiciona a apreensión. Un baile de corpos e emocións que conviven e oscilan da rabia á calma. **O detalle:** *Ojea toma versos da poeta Lupe Gómez para indagar sobre a identidade e o respecto pola terra e a tradición.*



1

FURACANS / NON FICCIÓN

BLOQUE 1 (CONTINUACIÓN)

Casa de Mari | Casa do Carreira (só na sesión da tarde)

Sábado 20 | Ás 10 e ás 13.30 horas e ás 17 e ás 20.30 h.



HONDARRAK

2022 | 15' | España | Castelán, éuscaro | Estrea en Galicia

Dirección e guión: Paula Iglesias, Marta Gómez

Producción: Sara Blanco, Paula Iglesias, Ana Serna **Montaxe:** Paula Iglesias **Fotografía:** Lara Vilanova **BSO:** Ainara LeGardon **Reperto:** Ima Peiro, Gladys Carrasco **Vai de:** As ruínas dun sistema de coidados que cae a cachos enmarcan as historias de dúas mulleres cuxo traballo é estar sempre. Esperar. Sempre. **O detalle:** Paula Iglesias con *Sólo son peces estivo nomeada ós premios Goya e foi galardoada co Gran premio del Cine Español no Zinebi*. Canda a Marta Gómez, en Hondarrak fala da crise dos coidados para cuestionar un modelo que permanece inamovible.



NOTAS SOBRE A VIOLENCIA

2023 | 7' 30" | España | Castelán | Estrea absoluta

Dirección, produción, guión, fotografía e montaxe: Marta Valverde

Vai de: Que é subsistir? Onde está o límite entre traballo e ocio? Cales son as violencias que atravesan os nosos corpos? Como se constrúe o erótico? Como se constrúe unha obra de arte? Que teñen en común unha artista e unha prostituta? É posible construírnos fóra do que os homes pensan? Que significa ser artista? Que relación teñen a dor e o pracer? Como xestionamos a culpa? **O detalle:** Marta Valverde fala neste curta sobre a normalización da violencia na vida cotiá a partir de textos de Remedios Zafra.

2

BLOQUE 2

Casa de Mari | Casa do Carreira (só na sesión da tarde)

Sábado 20 | Ás 10 e ás 13.30 horas e ás 17 e ás 20.30 h.



O AMOR É AUGA QUE CORRE

2022 | 7' | España | Portugués | Subtítulos en castelán

Dirección, guión, montaxe, fotografía: Claudia Pineda Mesquida

Banda sonora: Lucas Mathías **Reperto:** Clara Antelo Facal, Brais Vila Muñiz, Mariana Nunes **Vai de:** Nesta curta preséntase a deusa lusitana e indíxena Navia como fío condutor que nos leva a reflexionar sobre as nosas emocións e a relación que temos co amor e a súa morte. Navia é a forza que debemos escoitar para entender os nosos ciclos; non unha deusa externa, senón parte da nosa natureza interior. **O detalle:** Durante o proceso de posprodución da curta, Claudia sufriu unha ruptura dolorosa, e os cambios que ía experimentando na súa percepción do amor provocaron continuas variacións na curta.



2

FURACANS / NON FICCIÓN

BLOQUE 2 (CONTINUACIÓN)

Casa de Mari | Casa do Carreira (só na sesión da tarde)

Sábado 20 | Ás 10 e ás 13.30 horas e ás 17 e ás 20.30 h.



TEGOYO

2022 | 7' | España | Francés, inglés | Subtítulos en castelán | Estrea en Galicia

Dirección, guión, fotografía, montaxe: Guillermo de Oliveira

Produción: Liliana Díaz Castillo, Lucía Dapena González, Matheus Mello **Reparto:** François Pageau **Vai de:** En 1968, o lendario cineasta alemán Werner Herzog rodou na illa de Lanzarote a súa película Tamén os ananos empezaron pequenos. Máis de medio século despois, un peculiar científico intentará recuperar sons do pasado. **O detalle:** A ópera prima de Guillermo, Desenterrando Sad Hill, foi candidata en 2019 ó Premio Goya ó Mellor Documental. *A filmación de Tego, rodada en Lanzarote, estivo tutelada por Werner Herzog.*



ENVÉS

2023 | 3' 42" | España | Galego | Estrea absoluta

Dirección: Rosalía Fernández Rial, Ángeles Huerta

Guión: Rosalía Fernández Rial **Montaxe e fotografía:** Ángeles Huerta **BSO:** Garza **Reparto:** Rosalía Fernández Rial **Vai de:** A peza parte dun poema de Rosalía Fernández Rial pertencente ó seu último libro, aínda inédito. A proposta xoga cos conceptos de illa e de alteridade. Ás veces podemos atopar na outra o envés dunha mesma. No eido visual, traballamos coa idea do espello, de dar volta á realidade. O resultado é unha confusión entre a danza e a loita. A danza como celebración do encontro, a loita como expresión da tensión que produce o desencontro. **O detalle:** Ángeles vén de ser a grande triunfadora dos premios da Academia Galega polo seu film A corpo aberto, unha sensación que coñecía ben xa que o seu traballo Esquece Monelos foi o documental galego máis premiado no 2017. Coa súa curta The fletch recibira o recoñecemento no Festival de Cans do 2015.



MALGRAT

2023 | 16' 18" | España | Castelán, catalán | Subtítulos en castelán

Dirección, guión, fotografía: Santi Teijelo

BSO: Jengibre Matabichos **Vai de:** Malgrat é un proxecto documental que reflexiona sobre a capacidade dos espazos de albergar recordos. A través de imaxes do pasado gravadas coa videocámara familiar, de imaxes do presente e da confrontación de ambas, vaise componendo o relato de Iago e Javi, quen fan unha viaxe para despedirse da casa da familia logo do recente falecemento da súa avoa. **O detalle:** *Malgrat é un relato autobiográfico a partir do arquivo familiar do seu autor e director.*



2

FURACANS / NON FICCIÓN

BLOQUE 2 (CONTINUACIÓN)

Casa de Mari | Casa do Carreira (só na sesión da tarde)

Sábado 20 | Ás 10 e ás 13.30 horas e ás 17 e ás 20.30 h.



MARIVÍ, NA PEL DA MEMORIA

2022 | 14' 03" | España | Galego | **Estrea absoluta**

Dirección: Coral Piñeiro e Laura Piñeiro

Producción: Coral Piñeiro **Guión:** Bruno Arias, Coral Piñeiro, Laura Piñeiro **Montaxe:** Bruno Arias, Laura Piñeiro **BSO:** Artur Silveiro García **Reperto:** Lidia Veiga (voz) **Vai de:** Unha correspondencia con Mariví Villaverde, filla do alcalde republicano da vila onde nace a nosa remitente e protagonista. Con 14 anos, Mariví vese obrigada a exiliarse por culpa do golpe de estado franquista. Teñen as súas vidas algo que ver? Son visibles as pegadas das persoas e das historias que nos precederon nos lugares onde crecemos? **O detalle:** *As irmás Piñeiro, Coral e Paula, dirixen parte da súa carreira e intereses cara ó tratamento do pasado e a memoria histórica creando, neste 2023, a Asociación Memoria e Cinema.*





NOVAS CAMADAS

Baixo de Carlos

Mércores 17 | Ás 20.30 h. | Apadriña:



Co ánimo de impulsar a visibilidade dos traballos das creadoras e creadores máis novos, desde hai dous anos o festival puxo en marcha esta sección destinada a promover a autoras e autores que realicen a súa primeira obra, e que teñan menos de 25 anos.



CADEAS

2022 | 14'35" | España | Galego | **Estrea en Galicia****Dirección:** Álvaro Antonio López Redondo

Guión: Pablo Rodríguez Piñeiro e Álvaro Antonio López Redondo **Producción:** Carla Fernández **Montaxe:** Alexandre Rúas Castro e Álvaro Antonio López Redondo **Fotografía:** Alexandre Rúas Castro **BSO:** Miguel Argibay (Son do Norte) **Reparto:** Martín Espantoso, Xosé Esperante **Vai de:** Dúas personas coidan unha casa durante o transcurso dun ano. Unha delas comeza a escoitar diferentes sons, pero o seu compañeiro parece non oír nada. É todo produto da súa imaxinación o realmente está ocorrendo algo fora do común? **O detalle:** O director comezou a curta como TFG na Universidade da Coruña e rematouna na ECAM de Madrid.



ANACOS

2023 | 2' 19" | España | Castelán | **Estrea en Galicia****Dirección, guión, montaxe, música e fotografía:** Ángela Estévez

Producción: Facultade de Bellas Artes da Universidade de Málaga. **Reparto:** Vídeos de arquivo nos que participan: Ángela Estévez Correa, Andrea Estévez Correa, Beatriz Correa Correa, Bienvenido Estévez Maceira, Otilia Maceira **Vai de:** Facendo un percorrido polos bellos recordos, unha reflexión sale a flote abrindo os ollos daquela que está lonxe do fogar. **O detalle:** Realizado na Facultade de Belas Artes de Málaga, onde nestes momentos estuda a directora.



MIÑA NENA

2022 | 8' 21" | España | Galego | **Estrea absoluta****Dirección, guión:** Noelia Míguez González

Producción: Pelayo Fernández Sánchez **Montaxe:** Ana Argüelles Blanco **Fotografía:** Laura triñanes Romero **BSO:** De Ninghures **Reparto:** Ginebra Puchades Gil, Carmen Palacios Martín, Colette Casas, Adrián Expósito **Vai de:** Galicia, primavera de 1968. Iria volve da escola recollendo pequenos tesouros polo camiño. A súa avoa a espera en casa con dous descoñecidos. Son os seus pais, que volveron da emigración. **O detalle:** Noelia Míguez, a directora, cursa o Máster de Dirección de Cine e Series na escola TAI de Madrid.



ES (SER) E SER UN ESPACIO

2023 | 4'13" | Italia | Italiano e castelán | **Estrea absoluta****Dirección, guión, fotografía e montaxe:** Candela Conde López

Vai de: Nace nun contexto universitario pero esta vez en Italia, durante o meu período de Erasmus en Venecia. Meses de introspección, de aprendizaxes, de exploración da miña mesma e do meu novo espazo deron lugar a este xogo que baila co experimental. **O detalle:** A porriñesa Candela Conde entra por segundo ano consecutivo nesta sección, cunha obra creada en Venecia (Italia), onde estuda Belas Artes.



NOVAS CAMADAS (CONTINUACIÓN)

Baixo de Carlos

Mércores 17 | Ás 20.30 h.



CRÓNICA DUN RECORDO

2023 | 15' | España | Galego | Estrea en Galicia

Dirección e guión: Zahira Gomes Teijelo

Producción: Ainhoa Román Montaxe: Enma Orio Fotografía: Ana Sánchez BSO: Sacoga

Reperto: Antía Vidal, Raquel Meleiro, Nani Matos, Grial Montes, Camila Vigairo, Laura Lago

Vai de: Rebeca ten unha nova compañeira na casa onde vive, situada nun pobo ourensán no que adícase a escribir o seu libro sobre sexualidade nos pobos. Sonia, a súa nova inquilina, ten un vago recordo do seu pobo natal ao que volta por traballo. Quizáis este recordo da súa vida alí non é o único que a une a ese lugar. **O detalle:** Unha interesante reflexión sobre a sexualidade, a identidade e a temática LGBTQ+.



O BURRO ESPERA

2022 | 4' 01" | España | Galego e castelán | Estrea absoluta

Dirección, produción e montaxe: Alicia López Méndez

Guión: Xavier López Rodríguez **Banda sonora:** Hold on de Tom Waits, interpretada por Victoria Méndez Alonso **Vai de:** O burro presidiu durante moitas décadas a lareira das Bichas, en San Ciprián de Hermisende. Os que teñen agora cen anos xa o recordan así. Sen moito esforzo, unha vella podía levar a caldeira coa comida para catro ou cinco porcos ata a trapela que comunicaba coa corte. O burro era imprescindible no proceso de ceba dos porcos, imprescindibles á súa vez para alimentar a familia durante todo o ano. A cadea do burro podía seguir termendo tamén dun pote e, nalgún dos elos, sostiña a miúdo o candil ou a candieira que alumaban minimamente, xunto coas lapas do lume, o espazo onde se preparaba e consumía o alimento. **O detalle:** Fermosa homenaxe ós burros, imprescindibles durante décadas nas tarefas cotiás nas aldeas de Galicia.



SOLPOR

2022 | 15' | España | Galego

Dirección, guión, montaxe: Susana Alba

Producción: Sandra Comesaña **Fotografía:** Andrea Louzao **BSO:** Aroa Ferreiro **Reperto:** Fran Paredes, Gema González (voz), Mónica Camaño (voz) **Vai de:** Un home de mediana idade vive no seu vehículo tras quedar sen traballo e afastarse da súa familia. **O detalle:** Formada na Universidade de Vigo, Susana Alba foi xa galardoada con Solpor no Angus Film Festival, onde recibiu o premio á mellor curta de estudantes, así coma noutros festivais internacionais.



NOVAS CAMADAS (CONTINUACIÓN)

Baixo de Carlos

Mércores 17 | Ás 20.30 h.



TAN SÓ O DEMO LEMBRA

2022 | 5' 31" | España | Castelán | **Estrea absoluta****Dirección, guión, produción, montaxe, fotografía e música:** Daniel Iglesias González

Reparto: M^a Digna Somoza (narración) **Vai de:** Escasos 200 metros hai entre os carteis de entrada e saída de Nadal. Situada entre provincias, nesta pequena aldea de non máis de 20 casas viviu a miña familia materna durante unha parte das súas vidas. Ir de pequeno era sempre unha gran alegría, ver á bisavoa, o cocido, estar con León e cos gatos, a horta do meu avó, coller moras nas silvas dos arredores... Pero agora iso só son lembranzas difusas. Quedan aínda fotos, historias nas memorias da miña avoa e da miña nai, algunha pintura ou as imaxes do street view. Cambiou algo realmente? **O detalle:** Finalista tamén na categoría de videoclips, e formado na Universidade de Vigo, Daniel Iglesias achégase á memoria de Nadal, a aldea da que procede a súa familia.




DESPOIS DE TI

2023 | 13' 40" | España | Galego

Dirección, produción, guión, música: Paula Pereira

Montaxe: Enma Orio **Fotografía:** Zaira Teijelo **BSO:** Álvaro Morais **Reparto:** Inés Santos, Manuel Estévez, Elsa García **Xénero:** Fantástico **Vai de:** Nun acto desesperado por salvar a súa relación, Natalia decide acompañar á súa parella, Xabi, ao seu próximo destino laboral: as paradisíacas Illas Cíes. Nada máis chegar ao arquipélago, ambos os dous sepáranse, mais a decepción de Natalia queda en segundo plano debido ao encontro cunha misteriosa muller procedente do mar. Natalia forza coincidir cada vez máis coa enigmática moza, creando uns intensos e perigosos lazos fortalecidos pola doce voz da muller e as numerosas incitacións para marchar con ela ao que chama paraíso. As dúbidas invaden a Natalia, pois debe elixir entre continuar coa súa vida ou seguir á muller misteriosa. **O detalle:** Curtametraxe rodada nas Illas Cíes, dentro do concurso de curtas Desafío Illas Cíes.



ADN

2022 | 2' 04" | España | Galego | **Estrea absoluta****Dirección, produción, guión, montaxe música e fotografía:** Eva Iglesias Lorenzo

Xénero: Videodiario **Vai de:** Un autorretrato de amor, deriva e nostalgia. Nun intento por explorar o que un é, fragmentos de vida de distintos tempos mestúranse, nunha montaxe que pon atención no ritmo e na cor, para reflectir unha percepción subxectiva da realidade, seguindo un monólogo interior que flúe a través dunha viaxe emocional. **O detalle:** Unha das obras da última fornada de creadoras saída da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo.



CONCURSO DE VIDEOCLIPS “NOITE LASAL COCINAS”

Praza Arquitecto Antonio Palacios (O Porriño)

Martes 16 | Ás 22.00 h.

Presentación dos videoclips | 19.30 h. | Centro Cultural do Porriño

Na Noite Lasal Cocinas proxectaranse os 19 clips finalistas dos presentados a concurso.

Ó remate celebrarase un concerto de:



Zeltia Irevire

1. XABIER DÍAZ

Fala do bosque.

Dirixe: Carlos Lago.

2. HELEN Y SHANNA

Carmo 22.

Dirixe: Arancha Brandón.

3. O RABELO

Ratatá.

Dirixen: Eire Cid e Bea Saiáns.

4. RUXE RUXE

Crebas.

Dirixen: Diego Pérez e Ramón Díaz.

5. GUEZOS

Fáscas.

Dirixe: Aitor Víctor.

6. GRANDE AMORE

Pelea.

Dirixe: Xaime Miranda.

7. SINESTESIA

Na marxe.

Dirixe: Xoán Tourís.

8. FILLAS DE CASSANDRA

V. As moiras.

Dirixe: Xiana Teixeiro.

9. SACOUGA

Dulzur.

Dirixe: Daniel Iglesias.

10. DE NINGHURES

Yallah.

Dirixen: Coral Piñeiro e Fran Casal.

11. LAURA LAMONTAGNE E PICO AMPERIO

Banharémonos nas ondas.

Dirixe: Alba Domínguez.

12. CAROLINA RUBIROSA

Contra la pared.

Dirixe: Xaime Miranda.

13. XOSE LOIS ROMERO E ALIBOIRA:

La leyenda del tiempo.

Dirixe: Adrián Canoura.

14. HYDN

Bella Hadud.

Dirixen: Hydn e Iago Vilarinho.

15. GUADI GALEGO E NABÚ

Noa.

Dirixe: Toño Chouza.

16. MEL

Cantiga II.

Dirixen: Aldara Pagán e Adrián Canoura.

17. DALSI

Michi y Yoshirin.

Dirixe: Daniel Iglesias.

18. BOYANKA KOSTOVA

A quincena do Apóstolo.

Dirixe: Toño Chouza.

19. MONDRA

Agrújj.

Dirixe: Martín Mondragón.



APERTURA DO FESTIVAL



HONEYMOON

Xoves 18 | 20.30 h. | Círculo Recreativo Cultural do Porriño
2023 | Ficción | 90' | España | Español | Estrea en Galicia

Producción: Acca Media Productions e Control Z

Dirección: Enrique Otero

Guión: Roberto G. Méndez e Enrique Otero

Dirección de fotografía: Sergio Franco

Música: Pablo Sanmamed

Montaxe: Adrián Pino

Reparto: Javier Gutiérrez, Nathalie Poza, María Vázquez, Fernando Albizu, Pablo Derqui, Antonio Durán 'Morris', Silvia Xirui Zhou, María Tasende, Desiré Pillado, Mikel Insua, Berta Ojea, Sergio Zearreta, Miguel Ángel Tobías, César Martínez 'Goldi'

Vai de: Eva e Carlos son unha parella en ruínas. Tan só Jonás, o fillo, os mantén unidos. Pero un día Jonás morre nun accidente absurdo nos Estados Unidos e a Eva e Carlos xa non lles une máis nada que a necesidade de repatriar o seu cadáver. Comenzarán entón unha viaxe desesperada pola xeografía do país e pola súa propia xeografía sentimental, na que tratarán de conseguir, a calquera prezo, os cartos que precisan para recuperar o corpo do fillo.

O detalle: *O filme chegará a Cans logo de pasar polo Festival de Málaga.* Despois de Crebinsky, Honeymoon é a segunda longametraxe de Enrique Otero, cuxas curtametraxes puidemos ver en varias edicións do Festival de Cans.



Posterior encontro co público

Xoves 18 | 22.00 h. | Círculo Recreativo Cultural do Porriño

Ó rematar a proxección, haberá unha charla coa **presenza do director Enrique Otero e parte do equipo técnico e do elenco do filme, entre eles María Vázquez e Antonio Durán "Morris".**

Coloquio co director Quique Otero, Javier Gutiérrez e Nathalie Poza

Venres, 19 | 12.30 h. | Torreiro de Cans

Coloquio co director Enrique Otero e os protagonistas do filme, Nathalie Poza e Javier Gutiérrez, quen nos falarán de interpretación e rodaxe e doutros procesos de creación dunha película cos que os espectadores non estamos familiarizados.



SESIÓN ESPECIAL DÍA DAS LETRAS GALEGAS



MATRIA

Mércores 17 | 16.30 h. | Baixo de Bugarín

2023 | Ficción | 90' | España | Español | Versión en galego

Producción: Matriuska Producciones, Avalon P.C., Ringo Media, Televisión de Galicia (TVG)

Dirección e guión: Álvaro Gago Díaz

Dirección de fotografía: Lucía C. Pan

Música: Patricia Cadaveira, Marcel Pascual

Montaxe: Ricardo Saraiva

Reparto: María Vázquez, Santi Prego, Soraya Luaces, Eduardo R. Cunha "Tatán", Susana Sampedro, Francisca Iglesias Bouzón, Sergio Baleirón



Vai de: Ramona, unha muller de 40 anos, vive atrapada nunha situación laboral e persoal tensa e precaria, sempre a sacrificarse polo futuro da súa filla Estrella. Un día coñece a Xosé, un home con quen inicia unha amizade especial que lle fai pensar que, se cadra, hai algo novo polo que pague a pena vivir.

O detalle: O filme tivo a súa estrea mundial na sección Panorama do Festival de Berlín e tamén pasou polo Festival de Málaga, que premiou a María Vázquez coa Biznaga de Plata á Mellor Actriz. É a primeira longametraxe de Álvaro Gago, director moi vinculado ó Festival de Cans, onde o vimos medrar como cineasta e onde acadou en dúas ocasións o Premio do Xurado, polas curtas Curricán e Matria, orixe desta cinta da que máis e mellor se leva falado en 2023 no cinema nacional.



Coloquio con Álvaro Gago e María Vázquez

Mércores 17 | 12 h. | Torreiro de Cans

O director e guionista de Matria, Álvaro Gago, e a súa protagonista, María Vázquez, participarán nun coloquio co público para contarnos o proceso de creación e rodaxe do filme.

Posterior encontro co público

Mércores 17 | 16.30 h. | Baixo de Bugarín

Presentación da película cos actores María Vázquez e Eduardo Rodríguez, "Tatán", o director Álvaro Gago e o produtor Daniel Froiz.



Unicorn Wars

Xoves 18 | 17 h. | Centro Cultural Municipal do Porriño
Coa presenza do director Alberto Vázquez e Chelo Loureiro

2022 | 92' | España, Francia | Versión en galego

Dirección e guión: Alberto Vázquez **Producción:** Chelo Loureiro, Iván Miñambres, Nicolas Schmerkin **Montaxe:** Iñigo Gómez, Estanis Bañuelos **Dirección de animación:** Khris Cembe **Música:** Joseba Berinstain **Xénero:** Animación, fantasía, terror, comedia.

Vai de: O exército dos osiños adoutrina soldados mozos para recrutarlos para guerra que lle declarou ós unicornios, pois cre que ameaza á seguridade do seu pobo. Os irmáns Azulín e Gordi, canda a un inexperto grupo de soldados, serán enviados a unha perigosa misión para salvar o Bosque Máxico. Estarán os osiños preparados?

O detalle: Filme gañador do Goya de Animación á mellor longametraxe en 2023.



Sica

Venres 19 | 17 h. | Baixo de Bugarín
Coloquio coa directora Carla Subirana e cos protagonistas do filme

2023 | 91' | España | Castelán | **Estrea en Galicia**

Dirección e guión: Carla Subirana **Producción:** Alba Sotorra Cinema Productions, Miramemira **Fotografía:** Mauro Herce **Música:** Xavier Font **Reparto:** Thais García, Nuria Prims, Marco Antonio Florido, María Villaverde, Lois Soaxe, María del Carmen Gesteiro, Mercedes Martelo, Jose Luis Soage, Joel Calvo, Carla Domínguez, Xosé Ramón Gayoso, Saray Caamaño, Carmen Laura Cabanas, Roberto Rocha Pérez **Xénero:** Drama

Vai de: Sica está obsesionada con que o mar devolva o corpo do seu pai tras un naufraxio na Costa da Morte. Mentres percorre os cantís coñece a Suso, 'o Cazatormentas', un mozo raro coma ela, que agarda a chegada de Ofelia, a nai de todas as tormentas. Sica investiga as circunstancias do accidente e adéntrase nunha dolorosa viaxe de descubrimento.

O detalle: A directora catalana, fascinada con Galicia, estrea Sica en Cans antes de que chegue ás salas e logo de pasar polo Festival de Berlín.



Quererla es crearla


Martes 16 | 16.30 h. | Centro Cultural Municipal do Porriño
Coa presenza da directora Cecilia Barriga e a produtora Sandra Fernández Carrera

2022 | 84' | España | Castelán e galego | Estrea en Galicia

Dirección e montaxe: Cecilia Barriga **Producción de contido:** Florencio Cabello Fernández, Sandra Fernández Carrera, Ignacio Calderón Almendros, María Teresa Rascón Gómez, Fátima Solera Navarro, Luz Mojtar Mendieta **Son:** Ana Paula Bravo
Xénero: Documental

Vai de: Un documental acerca dun dereito, unha necesidade, un desexo, un compromiso político e unha posibilidade: facer que nas escolas todas as persoas poidan aprender a vivir xuntas. Construír sociedades inclusivas require desmontar prexuízos sobre a diversidade e as diferenzas. Un filme contra o maltrato, a segregación e a discriminación coma o correcto. O filme reflexiona sobre esta realidade a través de diversas historias emocionantes que se entrecruzan na defensa do dereito á educación inclusiva.

O detalle: *Documental arredor da inclusión, coproducido pola porriñesa Sandra Fernández Carrera.*



Florencio, o cego dos Vilares

Mércores 17 | 10.30 h. | Baixo de Carlos
Coa presenza do director do documental Pancho Álvarez

2023 | 64' | España | Galego | Estrea absoluta

Dirección, guión e son: Pancho Álvarez **Fotografía:** Pancho Álvarez, Manuel Fernández **Intervención:** Investigadores como Antón Santamarina, músicos históricos como Mini e Mero, violinistas novos como Antía Ameixeiras e Begoña Riobó
Xénero: Documental

Vai de: A través dunha viaxe na que percorre o máis profundo da Fonsagrada, do Courel e doutras zonas de Galicia, o autor constrúe un interesante relato en primeira persoa do legado que Florencio López (1914-1986), aportou á música tradicional, onde os seus cantares de cego son venerados por diferentes xeracións

O detalle: Pancho Álvarez, músico e compositor, formou parte de bandas históricas do folk galego como Na Lúa ou Matto Congrio, e *na actualidade é un dos acompañantes habituais de Carlos Núñez. Trátase da súa primeira incursión na dirección documental*, despois de que hai anos lle dedicase un disco tributo a Florencio, figura emblemática da historia da música galega.

**XX EDICIÓN****2004 ★ 2023**
do 16 ao 20 maio

FOCO INTERNACIONAL



Valérie Massadian LONGAMETRAXES

Coa presenza da directora, Valérie Massadian, que fará unha introdución dos films que se van proxectar.

Venres 12 maio | 20 H. | Centro Cultural Municipal.



MILLA

DIRECCIÓN: Valérie Massadian

ANO DE PRODUCCIÓN: 2017 DURACIÓN: 128 min PAÍS: Francia, Portugal IDIOMA: Francés GUIÓN: Valérie Massadian PRODUCCIÓN: Gaijin, Cinémadefacto MONTAXE: Valérie Massadian FOTOGRAFÍA: Mel Massadian, Robin Fresson XÉNERO: Drama REPARTO: Severine Jonckere, Luc Chessel, Ethan Jonckere

DE QUE VAI: Milla só ten 17 anos e o seu mozo, Leo é un pouco maior que ela. A existencia da parella está pautada por pequenos traballos mal pagados e noites nas que desexan cambiar o mundo. A parella achará refuxio nunha pequena cidade, nunha casa abandonada a beiras da Mancha que se converte no seu acubillo provisional. Nútrense do amor, da testarudez da mocidade e das ganas de cambiar as cousas, a pesar das dificultades e das estreitezas dunha vida nada fácil.

Sábado 13 maio | 21 h. | Centro Cultural Municipal.



NANA

DIRECCIÓN: Valérie Massadian

ANO DE PRODUCCIÓN: 2011 DURACIÓN: 68 min PAÍS: Francia, Portugal IDIOMA: Francés GUIÓN: Valérie Massadian PRODUCCIÓN: Gaijin, Epicentre Films MONTAXE: Valérie Massadian FOTOGRAFÍA: Léo Hinstin, Valérie Massadian XÉNERO: Drama REPARTO: Kelyna Lecomte, Marie Delmas, Alain Sabras

DE QUE VAI: Nana (Kelyna Lecomte) é unha nena de catro anos que vive coa súa nai nunha casa no bosque. Unha tarde, cando volve do colexio, descobre a soidade: a súa nai non está e todo é silencio. A partir de entón non terá máis remedio que arraxarllas por si mesma, utilizando a súa precoz liberdade para apropiarse do mundo.

**XX EDICIÓN****2004 ★ 2023**
do 16 ao 20 maio

FOCO INTERNACIONAL

Valérie Massadian

CURTAMETRAXES

Coa presenza da directora, Valérie Massadian, que fará unha introdución das curtas que se van proxectar.

Sábado 20 | 10.30 h. | Baixo de Bugarín



AMÉRICA

2013 | 7' | Francia, USA | Inglés | Subtítulos en español | Estrea en España

Dirección, guión e montaxe: Valérie Massadian **Produción:** Gaïjin, Northwest Film Forum **Fotografía:** Lars Larson, Coty James **Xénero:** Drama **Reparto:** Solomon Calvert-Adera **Vai de:** Un travelling lateral sonda un bosque ata que unha voz en off en ton elexíaco enuncia unha época de escuridade.



NINOUCHE

2011 | 24' 37" | Francia | Francés | Subtítulos en español

Dirección e guión: Valérie Massadian **Produción:** Gaïjin **Montaxe:** Valérie Massadian, Yannick Kergoat **Fotografía:** Léo Hinstin, Valérie Massadian **Xénero:** Drama **Reparto:** Kelyna Lecomte, Marie Delmas **Vai de:** Nunha casa illada, o tempo pasa ó ritmo da natureza e ó ritmo dos catro anos dunha nena pequena, Ninouche, quen, soa, vai reorganizar o mundo á súa altura.



SOLITUDES(S), L'INSOMNIE

2019 | 5' | Francia | Francés | Subtítulos en español

Dirección, guión, montaxe e fotografía: Valérie Massadian **Produción:** Gaïjin **Xénero:** Drama **Reparto:** Luc Chessel **Vai de:** Unha vella tormenta retumba na miña cabeza. Unha tormenta que naceu hai 25 anos. Unha tormenta ás veces afastada, case esquecida. Unha tormenta a miúdo enordecedora.

Sábado 20 | 13.30 h. | Baixo de Bugarín



LA TEMPÊTE. HOMMAGE À J.M. STRAUB

2018 | 4' | Francia | Francés | Subtítulos en español

Dirección, guión e montaxe: Valérie Massadian, a partir dun poema de Marie Rave-
nel **Produción:** Gaïjin **Fotografía:** Valérie Massadian, Mel Massadian **Xénero:** Drama
Vai de: Unha vella tormenta retumba na miña cabeza. Unha tormenta que naceu hai
25 anos. Unha tormenta ás veces afastada, case esquecida. Unha tormenta a miúdo
enordecedora.



CARE

2022 | 15' | Francia | Francés | Subtítulos en español | Estrea en España

Dirección, guión, montaxe e fotografía: Valérie Massadian **Produción:** Gaïjin
Xénero: Drama **Vai de:** Unha peza ó redor do xesto.



XX EDICI

2004 ★ 2023
do 16 ao 20 maio

FOCO INTERNACIONAL

Valérie Massadian

CURTAMETRAXES (continuación)

Sábado 20 | 13.30 h. | Baixo de Bugarín



MAMOUSHKA

2014 | 9' | Francia | Francés | Subtítulos en español

Dirección, guión, montaxe e fotografía: Valérie Massadian **Producción:** Gaijin

Xénero: Drama **Reparto:** Christiane Famer-Massadian **Vai de:** Mamoushka segue a nai de Massadian mentres se enfrenta á morte do seu home, mostrándoa nun cemiterio, nunha bañeira e mirando fotos antigas.



IRA (IRE)

2021 | 6' | Francia | Español

Dirección, guión, montaxe e fotografía: Valérie Massadian, quen se baseou nun poema de Marie Ravenel **Producción:** Sophie Erbs, Valérie Massadian (Gaijin)

Xénero: Drama **Vai de:** Ira. Substantivo feminino: ira, cólera, furia, indignación. A ira é a protesta das mulleres contra os que oprimen, desprezan e matan. Os seus ollos, fortemente enmarcados, fitan á cámara: a súa mirada é convincente. Son a masa e, a partir da anafórica afirmación "Eu son", cantan a violencia que sofren as mulleres.





XX EDICI

2004 ★ 2023
do 16 ao 20 maio

RETROSPECTIVAS



CLIPS DE FILLAS DE CASSANDRA

Apadriña REI ZENTOLO

Venres 19 | 18 h. | Jalpón do Invernadoiro de Juan e Mucha do Peso

Coa presentación de María Pérez (MaríaSOA) e Sandra Faro, de As Fillas de Cassandra.

As Fillas de Cassandra son o grupo galego do momento. Partindo dunha base de mitoloxía grega e feminismo, logran construír himnos emancipadores a través dun pop sofisticado e rabioso a partes iguais. Máis alá da súa música, María Pérez e Sandra Faro tamén amosan nos seus videoclips, que elas mesmas idean, un criterio que paga a pena ter en conta. Vistas como un conxunto, as súas pezas visuais parten de elaboradas coreografías colectivas, un coidado vestiario e, nalgúns casos, na introdución de accións máis próximas á performance que á simple actuación musical. Sempre coas mulleres no centro do relato. Un plan ideal para esta edición de Cans é escoitalas explicar o seu traballo antes de que actúen no Torreiro.



PEZAS:

1. Antígona (2022): 2' 39".
2. Lisístrata (2022): 3' 29".
3. As moiras (2023): 4' 19".
4. Eco e Acrópolis (2023): 8' 10".

CANS EDUCA

CURTADICTAS

CURTAS DO INSTITUTO DO PORRIÑO

Venres 19 | 18 h. | Baixo de Carlos


As adiccións de diversos tipos son unha ameaza para moitas rapazas e rapaces en idade adolescente que buscan un rumbo vital. Grazas a un obradoiro de curtametraxes impulsado polo Concello do Porriño, moitas destas mozas e mozos expresaron a través do cinema os seus medos, as súas angustias e as súas inquedanzas. Un interesante exercicio cuxo resultado veremos nesta sección de Curtadictas, que tamén pretende ser un intento de buscar un público novo que se achegue ó noso festival e teña o seu propio espazo para expresarse.



COLOQUIO NO TORREIRO

Celebrando 20 anos de cans

Sábado 20 | 12 h. | Torreiro de Cans



Con Antonio Durán "Morris", Antón Reixa e outros e outras que recibiron premios de honra ó longo dos vinte anos do Festival de Cans. Unha conversa aberta ó público sobre a evolución do festival, a súa proxección e os grandes momentos vividos nesta aldea. Un reencontro con vellos amigas e amigos no que seguro vai haber emocións fortes. Unha celebración especial no Torreiro, espazo emblemático do noso certame.



Antonio Durán "Morris" é un dos grandes actores galegos. Foi membro do xurado na histórica primeira edición do Festival de Cans e recibiu o Premio Pedigree en 2012.

Antón Reixa é unha figura imprescindible no audiovisual e na cultura de Galicia das últimas décadas. Escritor, cantante, produtor e cineasta, Reixa tivo unha presenza constante no Festival de Cans, onde recibiu un dos primeiros Premios Pedigree, en 2007.

ENCONTROS DÁLLE CAÑA!

REALIZADORAS E REALIZADORES



Nos encontros Dálle caña! xuntamos aos realizadores e realizadoras das categorías a competición para compartir unha cervexa Estrella Galicia e falar co público sobre as súas creacións nun ambiente ameno e distendido.

- **Encontro coas realizadoras e os realizadores dos videoclips a concurso**

Martes 16 | 19 h. | Auditorio Centro Cultural Municipal de Porriño

- **Encontro coas realizadoras e os realizadores de Novas Camadas**

Mércores 17 | 18.30 h. | Torreiro de Cans

- **Encontro coas realizadoras e os realizadores das seccións Ficción e Animación**

Sábado 20 | 16 h. | Torreiro de Cans

- **Encontro coas realizadoras e os realizadores da sección FuraCans**

Sábado 20 | 17.30 h. | Torreiro de Cans



ENCONTROS FUNDACIÓN AISGE


Os encontros de AISGE convertéronse nun dos grandes clásicos do Festival de Cans. Trátase dun ciclo de tres coloquios que poñen en valor o traballo de actores e actrices e constitúen un lugar de intercambio de ideas tamén entre profesionais da interpretación. Neles rescataamos as figuras de actores esquecidos, promovemos o debate ou, noutros casos, lembramos efemérides relevantes. Un espazo ideado para achegar ó público aspectos menos visibles do oficio dos e das intérpretes e para reflexionar sobre o seu papel na industria audiovisual.



Roberto Vidal Bolaño, teatreiro con alma de cineasta

Martes 16 | 11 h. | Baixo de Carlos

Case vinte anos despois da súa morte, de Roberto Vidal Bolaño (1950-2002) aínda queda moito que dicir, e todo bo. Polo seu traballo de actor e dramaturgo dedicóuselle o Día das Letras Galegas en 2013, pero Vidal Bolaño sempre tivo alma de cineasta. Formou parte do histórico equipo Lupa, pioneiro nos anos 70 do cinema galego rodado en Súper 8, e do elenco de filmes coma Sempre Xonxa, de Chano Piñeiro, co que tivo unha estreita relación. *O seu fillo Roí Vidal Ponte, a actriz coa que compartiu vida, Laura Ponte, e o actor e profesor Antonio Mourelos propoñannos unha reflexión arredor desta figura imprescindible.*



As mulleres de Mareas vivas, 25 anos despois

Xoves 18 | 11 h. | Baixo de Carlos

En xullo de 1998 comezou a rodaxe de Mareas vivas, título que marcaría un punto de inflexión na ficción audiovisual en Galicia. Neste 25º aniversario da súa estrea, sentamos nunha mesa a varias das actrices que tiveron papeis relevantes na serie. O obxectivo é dar visibilidade e reivindicar aquel traballo case pioneiro e debater, coa perspectiva do tempo, temas coma a barreira da idade nos papeis das actrices, no contexto da decadencia na produción de series de ficción na TVG, ou a eclosión das plataformas de pago. *Contaremos coa presenza das intérpretes Ana Santos, Sonia Castelo, Camila Bossa e Isabel Blanco, tamén delegada da Fundación AISGE en Galicia.*



Tamar Novas conversa con Diego Anido

Venres 19 | 11 h. | Baixo de Carlos

Diego Anido, nomeado ó Goya ó Mellor Actor de Reparto polo seu papel de Lorenzo en *As bestas*, de Rodrigo Sorogoyen, é un dos actores dos que máis e mellor se leva falado este ano. Tamar Novas conseguiu o Goya ó Actor Revelación en 2005, por *Mar Adentro*, de Alejandro Amenábar, e continúa unha carreira de éxito en numerosos filmes e series. O momento actual das súas traxectorias é un punto de partida interesante para conversar con calma arredor do oficio de actor e do grato e o ingrato dunha profesión con moitas luces, pero ás veces tamén con bastantes sombras. Unha testemuña de primeira man con dous dos intérpretes galegos máis recoñecidos na actualidade.





MASTERCLASS Subtitulado e accesibilidade

Martes 16 | 12.30 h. | Baixo de Carlos

Con Pablo Romero-Fresco

A metodoloxía que está desenvolvendo o realizador e profesor Pablo Romero-Fresco sobre os procesos de subtitulado é unha das maiores achegas en investigación na industria audiovisual galega dos últimos anos. Pablo considera que os subtítulos se deben concibir desde a orixe da obra, nun traballo conxunto con directores e guionistas, sobre todo nunha lingua minorizada como é o galego. Ofrecerá unha clase maxistral na que falará dos procesos de subtitulado desde dúas vías: a da súa importancia para que o público con dificultades de visión e audición poida comprender os filmes, e a da oportunidade de proxección das linguas minorizadas a partir dun subtitulado correcto.



VIDEOCOLOQUIO Os cen mellores documentais do rock

Martes 16 | 20.30 h. | Auditorio Centro Cultural do Porriño

Con Xavier Valiño

O escritor e investigador galego Xavier Valiño é un dos grandes xornalistas musicais españois. O seu libro *Los 100 mejores documentales del rock* (Efe Eme) servirán de punto de partida para este videocoloquio onde Valiño nos vai guiar, a través de imaxes, pola evolución dos documentais musicais. Desde o nacemento do rock'n roll, o cinema sempre foi con el, documentando o que se movía ao redor. Falaremos de cinema vérité —con Bob Dylan en *Don't look back*—, de grandes figuras coma Elvis ou festivais pioneiros coma Woodstock, de realizadores consagrados coma Martin Scorsese —*El último vals*— ou Jonathan Demme —*Stop making sense*—. Un paseo en imaxes imprescindible ó ritmo de pop, soul, punk, hip hop, heavy metal, blues ou reggae. Se amas o cine e a música, non debes perder esta cita.



MESA PROXECTA A arte de programar

Xoves 18 | 10.30 h. | Baixo de Carlos

Coa presenza de Pela del Álamo, director do Festival Curtocircuíto e codirector de Márgenes; Andrea Franco, dos equipos de programación do FIC Xixón e do Festival de Cans; e Guillermo de Oliveira, director do Almería Western Film Festival.

O oficio de programar para un festival de cinema é case sempre unha acción invisible e máis ben descoñecida, pero do que depende en gran medida o éxito ou fracaso dun evento. A persoa que programa debe manexar moitas claves, pero cales son? Que significa programar? Canto depende unha boa programación dun gran orzamento? Pode programarse buscando un perfil de público? A estas cuestións, e outras máis, procuraremos darlles resposta nesta interesante mesa dentro dos ciclos de Proxecta, a Coordinadora Galega de Festivais de Cinema.



CAFÉ CON CREA

Venres 19 | 10 h. | Baixo de Carlos

Coa presenza de Valérie Massadian e o cineasta galego Xoán Escudero

Un diálogo de intercambio de ideas e reflexións sobre xeitos de facer cinema entre a directora franco-armenia Valérie Massadian e o membro de CREA, a asociación galega de realizadores e realizadoras. Unha conversa aberta a todo o público, mentres se degusta con calma un café Dromedario.




A que andas?

Venres 19 | 13.30 h. | Baixo de Carlos

Coa presenza de **Guillermo de Oliveira, Alberto Vázquez, Iván Castiñeiras, Alfonso Zarauza, Leticia Sola, Area Erina, Mario Iglesias, Pela del Álamo e o produtor Alberto Plágaro.**

“A que andas?” é unha pregunta moi galega e que se escoita a miúdo no audiovisual para saber que andan a argallar os cineastas. De aí nace esta proposta que pretende poñer en valor os guións dos filmes cuxa data de rodaxe está próxima. **Unha actividade en colaboración coa Asociación Sindical Galega de Guionistas (AGAG).**



A MORTE NOS TEUS OLLOS

Dirección e guión: Guillermo de Oliveira.

Finalista dos Premios Goya en 2018 polo documental Desenterrando Sad Hill e premiado o pasado ano en Cans pola súa curta Sauerdogs, Oliveira falaranos do que será o guión da súa primeira longametraxe de ficción. **Vai de:** Historia baseada no crime do empresario David Fernández, asasinado en 1994 en Nigrán, ás portas da súa casa. **Estado:** *En fase de reescritura. Escollido entre os 20 guións finalistas das Residencias da Academia de Cine.*



DECORADO

Dirección e guión: Alberto Vázquez.

Vai de: Na cidade de Anywhere, Arnold é un rato de mediana idade en crise existencial e de parella. A súa relación con María vai a pique e sente que todo o que o rodea é falso coma un decorado. Logo de investigar que hai alén do bosque e perder os seus amigos Ramiro e Pólo Crazy, Arnold rebélase contra a sociedade e contra ALMA, a empresa corporativa que todo o controla. No seu descenso cara á loucura, tentará escapar sen éxito, invocará o fantasma de Ramiro e verá como o abandona a súa amada María. **Estado:** *Preproducción.*



DEUSES DE PEDRA

Dirección e guión: Iván Castiñeiras.

Vai de: A historia está centrada nunha escola rural fronteiriza onde os contos infantís se mesturan con lendas antigas que habitan o lugar, a través da mirada de Mariana, que ten 17 anos e se enfronta á decisión de deixar a aldea. **Estado:** *En fase de rodaxe. Mellor proxecto WIP na sección WORK 2022 do Festival Márgenes e seleccionado no Network do Zinebi de Bilbao.*



ISLANDIA

Dirección e guión: Alfonso Zarauza

Vai de: Manoel traballou en Islandia de mariñeiro durante trinta anos, alí casou e non regresou a Galicia ata que lle morreu a muller. Cata pasou na illa só cinco días, os máis felices da súa vida, entregada a un amor apaixonado que rematou coa fin da viaxe. Para eles, Islandia non é só un lugar: converteuse nun estado mental. **Estado:** *En desenvolvemento. Presentado ás axudas de produción da AGADIC.*


A que andas? (continuación)

Venres 19 | 13.30 h. | Baixo de Carlos

AS AUGAS

Dirección e guión: Leticia Sola

Vai de: Nora ten 43 anos, acaba de sufrir un aborto e de romper coa parella despois de 16 anos xuntos. Volve ó manancial da infancia coa esperanza de que as augas lle axuden a curar todos os seus males. Marina e Nadia non están dispostas a deixala soa neste momento, e as tres amigas tomarán unha decisión que será o comezo dunha nova vida para todas: formar o seu propio modelo de familia. **Estado:** *En fase de desenvolvemento. Presentado ás axudas de produción da Agadíc.*



AURORA

Dirección e guión: Area Erina.

Despois do seu impactante documental Emma, que puidemos ver en Cans, Area Erina regresa co seu novo proxecto. **Vai de:** Durante anos filmou a a súa viciña Aurora, unha supervivinte dun xeito de entender o mundo rural que se está a extinguir. **Estado:** En posprodución.



A FILLA DE ISAURA

Dirección e guión: Mario Iglesias, premiado en dúas ocasións no Festival de Cans, con Intensidad (2005) e Madres (2006), e director tamén doutras tres longametraxes. **Produción:** Alberto Plágaro, de La Pizarra Produce **Vai de:** Unha comedia negra arredor da morte **Estado:** *En fase de reescritura e busca de financiamento.*



MONTAÑA OU MORTE

Dirección e guión: Pela del Álamo.

O director do documental multipremiado N-VI está inmerso nun documental experimental rodado nos montes do macizo central de Ourense **Vai de:** Nas montañas do sueste de Galicia un grupo de cazadores vive aínda en conexión coa natureza. Durante varias xornadas enfrontaranse ao final do inverno nas últimas batidas do ano. O amor e a morte. O salvaxe e o artificial. O humano e o animal. Montañas sumidas na néboa. O inverno coas súas choivas perpetuas. A escuridade do bosque e a luz das cimas. Todo o que alí ocorre cando o home non está. As contradicións da condición humana contidas na práctica da caza. Roca, neve, néboa e lume. **Estado:** *Desenvolvemento, escritura de guión.*



Fillas e Fillos de Cans

Venres 19 | 16 h. | Baixo de Carlos

Esta sección, feita **coa colaboración de CREA (Asociación galega de profesionais da dirección e realización)**, é un dos grandes escaparates dos filmes que en poucos meses chegarán ás pantallas. Volveremos gozar de imaxes inéditas de filmes: algo emocionante, un feito sempre máxico para os cinéfilos.



O CORNO

Coa presenza da directora, Jaione Camborda, e de Janet Novas, actriz protagonista

Dirección e guión: Jaione Camborda.

Tras o debut de Jaione Camborda con Arima, a realizadora trae agora a Cans as primeiras imaxes de O Corno, o filme que rodou a finais de 2022, coa bailarina Janet Novas como protagonista. Un momento moi especial para o festival, xa que Janet é natural da nosa aldea. **Produción:** Esnatu Zinema (Jaione Camborda), Miramemira (Andrea Vázquez) e Elástica Films (María Zamora), en coprodución con Bando à Parte (Portugal) e Bulletproof Cupid (Bélgica) **Xénero:** Drama **Vai de:** Na Galicia rural da década de 1970, unha parteira vese obrigada a fuxir a Portugal a través dunha ruta de contrabandistas **Estado:** En fase de posprodución e distribución en festivais.



MAR

Coa presenza dun dos directores, César Souto, e da produtora Marina García

Dirección e guión: Luis Avilés, César Souto.

Tras o emocionante documental Os días afogados, os cineastas volven traballar xuntos no filme Mar, nun laborioso proceso de varios anos, cun mariñeiro senegalés establecido en Portosín como protagonista. **Produción:** Sintagma Films **Xénero:** Documental **Vai de:** Mar é senegalés, emigrou a Galicia para gañar a vida como mariñeiro nun barco de baixura de Portosín. O seu tempo de lecer transcorre nos campos da liga máis baixa do fútbol federado, onde arbitra partidos as fins de semana. Agora quere traer ó seu fillo desde Dakar para buscallo aquí un futuro mellor, mentres el pensa seriamente en cambiar de traballo debido á crise da pesca de baixura. **Estado:** En fase de rodaxe.



AS NEVES

Coa presenza da directora, Sonia Méndez, e da produtora, Nati Juncal

Dirección e guión: Sonia Méndez

Produción: Nati Juncal. A parella de Cósmica Producións formada pola directora Sonia Méndez e a produtora Nati Juncal chegará a Cans para presentarnos imaxes inéditas da súa primeira longametraxe de ficción, rodada o pasado inverno na Fonsagrada. Méndez volve ó noso festival, onde competiu en 2012 con Conversa cunha muller morta, que lle valeu a Luis Zahera o Premio do Xurado á mellor interpretación masculina **Xénero:** Drama psicolóxico, thriller **Vai de:** Nun remoto pobo galego, un grupo de adolescentes goza do Entroido. Durante as celebracións, difúndese un vídeo sexual de Paula, unha das mozas da cuadrilla. Agoniada pola situación, Paula abandona a festa e desaparece, sen deixar rastro, en metade dunha gran nevada. Mentres toda a localidade busca por ela, os amigos terán que afrontar a responsabilidade que lles corresponde **Estado:** En fase de posprodución.



Fillas e Fillos de Cans (continuación)

Venres 19 | 16 h. | Baixo de Carlos



UN PASADO POR DELANTE

Coa presenza da directora, Olga Osorio e do protagonista, Tamar Novas

Dirección: Olga Osorio

Con Einstein- Rosen foi en 2017 unha das grandes triunfadoras en Cans, onde acadou os premios do Público, Mellor Guión e Mellor Interpretación Masculina. Desta curta saíu a idea para filmar Un pasado por delante, a súa primeira longa-metraxe de ficción, cuxo proxecto coñecemos o ano pasado na sección "A que andas?" Nesta edición presentaranos as primeiras imaxes, inéditas, do filme.

Produción: Vaca Films **Xénero:** Comedia, ciencia ficción **Vai de:** Verán de 1989, Óscar e Teo, dous irmáns adolescentes moi distintos, viven nun modesto piso de barrio. Teo é un apaixonado do fútbol e bastante traste; Óscar, un sabichón que prefire pasar as tardes das vacacións estudando a Teoría da relatividade. En realidade, cada un vai levando como pode a desaparición da nai, unha prometedora científica obsesionada cos buratos de verme **Estado:** En fase de posprodución e distribución en festivais.



NOVOCINEMA PARADISO

Ca presenza do director Simone Saibene, e do protagonista, Ernesto Romero

Dirección: Simone Saibene

Produción: Noveolas Producciones **Xénero:** Drama **Vai de:** Os soños, a esencia fantasmal do cine, o paso do tempo, un novo enfoque sobre o rural **Estado:** En fase de rodaxe.

O soñador Ernesto e o seu Novo Cine de Leiro, son un exemplo de resistencia en plena Galicia despoblada



SELF IMPORT

Dirección e guión: Andrew Person, Roque Cameselle.

Vai de: Guy achégase ó Festival de Cans para dar a coñecer a súa primeira película. Pode ser unha grande oportunidade; con todo, non fala nin castelán nin galego e non ten habilidades para facer contactos. E cando a única persoa que coñece, a súa produtora Noela, o abandona, Guy séntese perdido. A viaxe que esperaba que lle abrise algunhas portas da industria en realidade acaba por descubrirlle que nin sequera está ás portas de nada. Sería unha historia de amor e nova amizade, se Guy puidese entender unha palabra. Guy non está perdido na tradución, está afogado. **Estado:** En desenvolvemento e en fase de localización en Cans, onde se rodará parte do filme.



EME DJ



MALLOU



FILLAS DE CASSANDRA



PANCHO ÁLVAREZ



A MÚSICA E ACTUACIÓNS DESTA EDICIÓ



LOS PUNSETES




THE LIMBOOS

TONY LOMBA E ELIO DO SANTOS



MR. KILOMBO





O INVERNADOIRO E O JALPÓN DE JUAN E MUCHA DO PESO

Os espazos que ceden Juan e Mucha do Peso son ben singulares, dos que máis lle gustan ó público. Neles programamos tanto propostas audiovisuais, no jalpón, coma actuacións musicais, no invernadoiro.

Retrospectiva audiovisual + Performance musical ROSALÍA FERNÁNDEZ RIAL

Sábado 20 | 17 h. | Jalpón e invernadoiro de Juan e Mucha do Peso



Rosalía Fernández Rial é unha interesantísima creadora, coñecida como poeta, pero que tamén fai incursións na música para formar con bandas coma Chicharrón, na que toca o acordeón. Rosalía crea fermosas pezas audiovisuais que parten dos seus poemas. O Festival de Cans programa unha escolma das súas pezas audiovisuais, moitas das cales se verán por primeira vez, nun percorrido poético e musical inédito, inspirado na familia paterna da autora, feirantes orixinarios da Graña, na Serra do Suído, que chegaron ata a Costa da Morte. A proposta é tamén unha camiñada con versos e acordeóns que escoitan, coma os canteiros do Porriño, o cantar baixo das arrieiras.

INGRAVIDEZ (2016): 2' 17"

Do libro Sacar a bailar

Vídeo: Seispés

EU SON ROSALÍA. ESCENA VII (2016): 3' 45"

Rosalía Fernández Rial e textos Rosalía de Castro

Vídeo: Roi F.F.

AUTOPISTA E DESPRENDEMENTO (2016): 3' 38"

Do libro Ningún amante sabe conducir

ÁRBORES NO DESERTO (2019): 2' 49"

Do libro Árbores no deserto

Vídeo e música: Antía Ameixeiras

Texto: Rosalía Fernández Rial, Soujourner Truth

A CÁMARA LENTA (2022): 1' 58"

Do libro Desnortada

Vídeo: Adrián Gómez-Seispés

ENVÉS (2023): 2' 45". Estrea

De Rosalía Fernández Rial e Ángeles Huerta.

Avance documental "En septiembre canta el gallo" + actuación NANO STERN

Sábado 20 | 20 h. | Jalpón e invernadoiro de Juan e Mucha do Peso



Nano Stern é un dos grandes artistas chilenos máis novos, que forman parte da chamada "Terceira xeración de cantautores" dese país. Multinstrumentista, compositor e cantautor cunha forte influencia do cancionero popular e tradicional, o seu traballo aborda a música de raíz folclórica, o rock, o jazz, a trova e a experimentación. Stern afonda na procura do sinxelo e do sutil ó servizo da poesía feita canción. No medio dun mundo revolto, o músico constrúe un refuxio de palabras e sons que reflicten as inxerencias do tempo intenso que nos tocou vivir. A dimensión de Stern é apreciada por moitos artistas galegos, e leva feito colaboracións con algúns; entre eles, Carlos Núñez, Sés e Xavier Díaz. En Cans homenaxeará a Víctor Jara no 50 aniversario do seu asasinato en 1973, a mans dos golpistas liderados por Augusto Pinochet. Presentará tamén un avance de En septiembre canta el gallo, o documental que está a realizar sobre a historia da canción chilena. E quen sabe se non traerá algunha sorpresa.



MARTES E MÉRCORES



Noite Lasal con Zeltia Irevire

Martes 16 | 23.30 h. | Praza Arquitecto Antonio Palacios (O Porriño)

Tras anos de experiencia no underground galego, facendo sinerxía con diferentes asociacións culturais, ecoloxistas e feministas, *Migui Carballido, Seixo Pazos e Zeltia Acuña chegan ó Festival de Cans co seu son contundente* e unha proposta que quere ser ese alento de forza para toda a xente que loita por un mundo mellor, máis xusto. Co seu andar, agardan saber dar valor á riqueza natural da súa terra e da historia das súas xentes.



Sesión vermú: Pancho Álvarez máis convidadas e convidado

Mércores 17 | 13.30 h. | Torreiro de Cans

O porriñés Pancho Álvarez é un músico que se inspira nos sons tradicionais de Galicia, utilizando en especial instrumentos de corda e de percusión, que adapta, nunha permanente busca, ó xeito de tocar tradicional. *Nesta sesión vermú acompañarano as violinistas Aldara Palmeiro, Begoña Riobóo, Antía Ameixeiras, María Jorge e o acordeonista Carlos Quintá.*



Bandas sonoras de cine Banda de Música do Porriño

Mércores 17 | 19 h. | Parque do Cristo (O Porriño)

A Banda Municipal do Porriño, formada por 30 músicos e *dirixida polo mestre David Trastoy desde 2019, ofrecerá unha homenaxe ó mestre Rogelio Groba* e achegará nesta actuación o seu amplo repertorio de bandas sonoras, pasodobres, obras sinfónicas e cancións clásicas da música popular galega e tamén da máis actual.



Pandereteiras de Cans & AcordeCans

Mércores 17 | 21.30 h. | Torreiro de Cans - Noite das veciñas e veciños

Desde que botasen a andar no ano 2017, as Pandereteiras de Cans convertéronse no orgullo da aldea. Ata 15 veciñas e veciños de Cans e da volta forman parte deste grupo que basea o seu repertorio na música tradicional e en composicións propias, coma A Felisiña ou o Acucue de Cans, que toda a aldea sabe cantar, convertendo cada actuación nunha festa colectiva. AcordeCans e as Pandereteiras de Cans pónenlle música á noite máxica das veciñas e veciños da aldea.



XOVES E VENRES

Banda de gaitas Os Zoqueiros

Xoves 18 | 20 h. | Pasarrúas cos chimpíns (O Porriño)

A Banda de gaitas do Porriño dirixida polo *artesán de gaitas, Xosé Manuel Gil*, acompañará cos seus sons o tradicional desfile de chimpíns polas rúas da vila.



Paloma

Xoves 18 | 23 h. | Terraza Círculo Recreativo Cultural (O Porriño)

Paloma é unha compositora galega establecida en Madrid. A súas cancións reflicten unha maneira de vivir apaixonada, singular e inqueda: un pop rock nostáxico en español con influencias que van desde o pop inglés ata o country ou o folk americano. O tempo que pasou en Nova Orleáns cambiou o seu xeito de entender a música, como poderemos ver no traballo que vai editar proximamente e do que ofrecerá unha mostra en Cans.



Treboada Arroutada

Apadriña Concello de Tomiño

Venres 19 | 21.30 h. | Pasarrúas cos chimpíns

Unha nova asociación que busca a difusión e promoción da cultura musical da nosa terra. Un exemplo das espetaculares treboadas características do Baixo Miño- Debutan acompañando o desfile de chimpíns nesta XX edición do Festival de Cans.



Fillas de Cassandra

Apadriña ESTRELLA GALICIA

Venres 19 | 20 h. | Torreiro de Cans

María e Sara presentan un dos proxectos da nova música emerxente máis prometedora do panorama galego. A súa é unha aposta pola recuperación das melodías tradicionais e a creación de novas líricas, inspiradas no canto da tradición oral, pero tamén influenciadas polo pop, a electrónica e a música clásica. O espectáculo que propoñen bebe do teatro, convidando ao público a ser parte dunha viaxe ao longo da historia, da man dos nomes das heroínas que rescatan da mitoloxía clásica e coas que pretenden establecer un diálogo, recoñecendo as súas vivencias presentes como mulleres nas das súas devanceiras. Sempre desde unha ollada feminista e actual, as súas composicións transitan da emotividade ao desenfado vibrante sen esquecer o activismo.





VENRES



Los Punsetes

Apadriña ESTRELLA GALICIA

Venres 19 | 23.30 h. | Espazo Estrella Galicia da Leira do Río

Ó longo de case dúas décadas de traxectoria, Los Punsetes souberon moverse con habilidade pola fina liña que separa ironía, provocación e a honestidade brutal do que canta claro e verdades coma templos. *Coa acidez que sempre caracterizou as súas letras, a formación madrileña, unha das máis importantes do Estado, orgullo-sos representantes do rock independente español*, resume nunha presa de estro-fas o relevante dos informativos en 2022.



Sesión Discochimpín

EME DJ

Apadriña ESTRELLA GALICIA

Venres 19 | 01 h. | Espazo Estrella Galicia da Leira do Río

Marta Fierro, Eme DJ, é unha das máis recoñecidas picadiscos da escena indie-disco-pop e das principais pistas de baile de toda España. Foi residente nas salas Low Club, Coppelia, Café La Palma ou Costello Club. Elixida a mellor DJ nacional por Rockdelux varios anos (2010, 2011 e 2014), moveu os pratos no FIB, Sónar, MTV Europe Music Awards, Arenal Sound e SOS 4.8, entre outros moitos festivais. Giant (2013), Swim (2014), Ready for Summer (2015) e Flying Deer (2016) son algúns dos discos que recollen o seu material de estudo. Tamén traballa como formadora, imparte charlas e dá clases de animación musical, preparación de sesións ou psicoloxía da pista.





SÁBADO · DÍA GRANDE

Apadriña ESTRELLA GALICIA



Sesión vermú Mallou

Apadriña Deputación de A Coruña Premios Narf

Sábado 20 | 13.30 h. | Torreiro de Cans

Sabela e Benxamín trenzan as súas traxectorias e sensibilidade musical, e dan forma a un proxecto sutil e intenso, contido e enérxico, íntimo e sólido. Unha maneira de entender a música, onde as cancións latexan por si soas. Achegan un repertorio onde entrelazan cancións que forman parte do ideario musical galego con creacións e composicións propias, cunha profunda inspiración na maneira de crear de referentes como Fran Pérez, Narf; sentindo a música como elemento de encontro entre xéneros, estilos e realidades.



Banda de Gaitas San Xurxo de Mosende

Sábado 20 | 15.30 h. | Pasarrúas cos chimpíns

O grupo de gaitas da Asociación de Mosende animarán o pasacalles do sábado.



Trío Motobomba

Apadriña Paco & Lola

Sábado 20 | 16.30 h. | Animación na Leira do Río

Sábado 20 | 20.30 h. | Voulevar-Camiño do cemiterio ao Parque do Río

O Trío Motobomba son faíscas da terra da chispa que prenden, ó carón da xente ou no mostrador dun bar, cantos e aturuxos populares.



The Limboos

Apadriña Alma Atlántica

Sábado 20 | 19 h. | Espazo Estrella Galicia na Leira do Río

The Limboos naceron en 2013 coa única intención de afondar nos sons e ritmos de Nova Orleáns e da tradición máis salvaxe do R&B anello. Axiña se converteron na revelación da escena cunha fórmula bautizada 'Exotic Rhythm and Blues'. 2023 marca un novo comezo para The Limboos. A súa canción Red Line dános pistas da transformación sonora do grupo. Influencias moi directas das bandas sonoras dos 60s e os 70s, de artistas coma Scott Walker, Love ou Serge, únense ó frenesí rítmico marca da casa.



SÁBADO · DÍA GRANDE

Apadriña ESTRELLA GALICIA



Tony Lomba e Elio dos Santos

Sábado 20 | 21.30 h. | Torreiro de Cans

Logo de incendiar o Torreiro na actuación que ofreceron no décimo aniversario do noso festival, Tony Lomba & Elio dos Santos, os xornaleiros do amor, os deuses da música lixeira máis esmendrellante, volven este ano a Cans a dalo todo. Coas súas mellores galas, os seus himnos populares e máis guapos e adolescentes ca nunca, despois de pasar pola clínica de cirurxía estética das Kardashian.



Mr. Kilombo

Sábado 20 | 00 h. | Espazo Estrella Galicia da Leira do Río

Mr. Kilombo é o proxecto persoal de Miki Ramírez, cuxa traxectoria vai xa por cinco traballos que o están a consolidar coma un referente na escena musical española grazas a cancións coidadas ó detalle e a un directo único cheo de enerxía. Mr. Kilombo chega a Cans para deixarnos na Leira Estrella Galicia temas que xa son himnos como "Todo Cambia" o "Cabecita Loca"



Serial Killerz

Sábado 20 | 01.30 h. | Espazo Estrella Galicia da Leira do Río


Serial Killerz (Joe Cabana, nos pratos, e J. Arriola, na batería) crearon unha das propostas máis sorprendentes do rock electrónico nacional, coa que o dúo espreme e mestura xéneros en aparencia incompatibles. Nesa posta en escena —adrenalínica, contundente e un chisco tola— o mesmo pasan dun tema de AC/DC ou dos Ramones a outro de Nina Simone, sen perder nunca a técnica impecable que os caracteriza e da que seguro imos gozar todos nesta edición de Cans.



Rapariga DJ

Sábado 20 | 02.30 h. | Espazo Estrella Galicia da Leira do Río

Desde que, na súa época de estudante de Belas Artes, se animou a probar como residente nunha sala de Pontevedra, *a ourensá Rapariga DJ* (Cristina Pontanilla, no carné de identidade) *vén ofrecendo sesións nas que repasa clásicos do soul, do rock e do punk, sen perder nunca de vista os sons e os ritmos máis achegados á música disco e á electrónica*. Morrasound, Comarea, Ribeira Sacra Festa, Carballo Interplay ou Go!Go!Zo! son algúns dos festivais nos que puxo a bailar a todo o público, e ben seguro que fará o mesmo este ano na Leira do Río.



PABLO DÍAZ presenta “Coas nosas mans”

Espectáculo musical

Apadriña a Secretaría Xeral de Política Lingüística

Sábado 20 | 13.30 h. | Cuberto de Antonio

O seu primeiro disco Tic-Tac, situou a Pablo Díaz coma un referente das cancións para nenas e nenas en Galicia. Agora **chega a Cans para facernos cantar e bailar co seu novo disco Coas nosas mans**, pensado en todo o que se pode chegar a facer coas mans, achegándonos tamén á **linguaxe de signos e á educación inclusiva**.



A CAIXIÑA DOS MISTOS

Curtametraxes de animación

Sábado 20 | dende as 15.30 h. | Caravana no parque do Río

A maxia da Caixiña dos Mistos é un dos espazos con máis éxito entre os pequenos. A clave está en gozar dunha **selección de curtametraxes de animación para público infantil no interior dunha vella caravana dos anos sesenta, acondicionada como sala de cinema**, á que só se poderá entrar en grupos reducidos.



POLO CORREO DO VENTO presenta “A divertida historia do Festival de Cans”

Contos, música e debuxos

Sábado 20 | 16 h. | Cuberto de Antonio

O story board contado Polo Correo do Vento é un clásico de Cans. **Un espectáculo participativo a través de contos, música e debuxos en directo, cunha historia divertida e singular para celebrar os vinte anos do Festival de Cans**. Unha viaxe contada entre jalpóns, chimpíns, cans amarelos e moito cine que vai entusiasmar a nenas, nenos e maiores. Os storyboards son as follas de ruta debuxadas, os esbozos dos filmes, dos que directoras e directores botan man para analizar os planos das súas películas. Outro ano máis, con Polo Correo do Vento —un colectivo especializado en actividades lúdicas que promove a lectura, a creatividade e a comprensión oral en galego— imos aprender de cine.




JUANMA LODO presenta “Sonorizando o cinema mudo”

Apadriña o Círculo Recreativo Cultural do Porriño

Obradoiro musical participativo

Sábado 20 | 20 h. | Cuberto de Pato

Houbo un tempo no que o cinema era mudo e a música dos filmes facíase en directo. A música, según como se aplique, é quen de provocar emocións diversas nos espectadores: tristeza, suspense ou alegría por exemplo. **O artista Juanma Lodo guiará ás nenas e nenos axudándolles a crear universos sonoros con fragmentos de filmes históricos: da cineasta pioneira Alice Guy pasando por Charles Chaplin ou Buster Keaton ata Georges Méliès**. Con caixas de ritmos, sintetizadores e outros sons cotiás, Lodo aprenderanos de xeito lúdico a “ver os sons” e “escoitar as imaxes”.



Obradoiro CINEMA DE BARRO

Sábado 20 | Das 15.30 á 20 h. | Nova zona infantil do parque do Río

O artesán e profesor Ricardo García é o derradeiro membro dunha familia de oleiros. En Cans impartirá un obradoiro onde o barro, o cinema e os emblemas do festival se fundirán nunha soa idea. Un taller lúdico e didáctico, para modelar co barro as estrelas do Torreiro, a silueta do can de Cans ou claquetas co nome do teu filme favorito.

CANS DO FUTURO



CANS DO FUTURO

Apadriña Secretaría Xeral De Política Lingüística

PROXECCIONES:

Martes 16 | 10 e 12 h. | Baixo de Bugarín

Xoves 18 | 10 e 12 h. | Baixo de Bugarín

Venres 19 | 10 e 12 h. | Baixo de Bugarín

Esta actividade vai dirixida ás alumnas e alumnos, de entre 8 e 14 anos, que nos visitan cada ano desde centros educativos de toda Galicia. Ademais de facer un percorrido pola aldea para coñecer a historia do festival e a súa relación co territorio, coas sesións de Cans do futuro aprenderán conceptos cinematográficos coma os de ficción, non ficción e animación, entre outros, ou a distinguir, por exemplo, que é un videoclip, un booktrailer ou unha videocreación. E, por suposto, terán a oportunidade de conversar con moitas e moitos profesionais do cinema que se achegan estes días por Cans.

O número de prazas para os participantes será de 200 cada día. Os participantes van ser divididos en dous grupos de 100. Mentres un grupo fai unha visita guiada polos lugares máis emblemáticos do Festival, o outro visionará unha serie de pezas audiovisuais no baixo de Bugarín. No tempo de descanso, poden facer a xa clásica foto de recordo das visitas a Cans: enriba do chimpín que se aparca xunto o Can de Pedra.



REC.Curta



Apadriña Secretaría Xeral de Política Lingüística

Martes 16 | 10 h.

Unha mañá chea de actividades desde a xuntanza na rotonda do Can de pedra en Cans. A continuación terán a sesión de visionado, cun tempo para comentar e descansar, seguida da Masterclass sobre subtitulado e accesibilidade con Pablo Romero Fresco. Co obxectivo de fomentar a creación do audiovisual en galego entre o alumnado dos colexios de Escolas Católicas, o departamento de Dinamización de EC, en colaboración coa SXPL, organiza o certame REC.curta que, cada ano, gaña en calidade e en número de participantes.

Existen dúas categorías: unha para alumnado de 1º a 3º de ESO e outra para 4º ESO, Bachelato e Formación Profesional. Neste certame contamos co patrocinio do Festival de Cans que, cada ano organiza unha visita guiada polo festival, onde ademais, o alumnado pode asistir a algunha das charlas incluídas no programa.

LIBROS DE CINE



LENDOCINE

Xoves 18 | 17:30 h. | Botica Nova - Parque do Cristo

Mercado de libros de cine, de 17 a 20.30 h.

LendoCine é unha sección do Festival na que se dan a coñecer libros de actualidade que teñen o cinema como protagonista. Trátase de achegar estas obras ó público a través dos seus autores. Nesta edición estarán:

María Casares, a impaciencia por vivir

María Canosa e Bea Gregores. Editorial Bululú, 2022.

Un moi orixinal álbum ilustrado para achegarse á figura de María Casares, a máis grande intérprete nacida en Galicia. Cunha vida marcada polo exilio en París, a súa relación co escritor Albert Camus ou as lembranzas do pai, o político Santiago Casares Quiroga, María Casares converteuse nun dos grandes referentes europeos do século XX.

Nos días encantados de agosto

unha biografía de José Gil, de Manolo González. Editorial Galaxia, 2022.

José Gil (As Neves, 1870- Vigo, 1937) foi un pioneiro do cinema galego e seguramente o primeiro profesional do audiovisual en Galicia: adiantado en rodar pequenos filmes documentais e iniciador do cinema de correspondencia entre Galicia e América. A Gil tocoulle vivir unha época apaixonante, pero tamén sufrir unha serie de desgracias familiares polas que morreu esquecido e arruinado.

La revuelta en la mirada: las imágenes del tiempo en el cine de vanguardia europeo de los años 20

Este ensaio é unha cartografía da produción fílmica europea de vangarda que analiza o tema da temporalidade coma elemento clave para entender as transformacións do pensamento contemporáneo. Unha interesantísima reflexión desde os movementos vangardistas ata os nosos días.

Unha veciña de película

Nesta novela, os xemelgos Elsie e Simón múdanse a unha nova casa e descubren que a carón deles vive unha veciña estafalaria, Alice, que ten un vello reprodutor de cine a través do cal os pequenos entran nas películas. Alice é unha especie de Mary Poppins que se chama así en homenaxe a Alice Guy, pioneira do cinema.

Los 100 mejores documentales de la historia del Rock

Ó xeito dos grandes libros que recompilan a historia do cinema, da música ou da literatura, o crítico musical Xavier Valiño realizou unha minuciosa crónica do cinema documental no rock. Unha guía imprescindible para as persoas que amen o cinema e amen a música.

TAPAS DE CINE

TAPAS DE CINE: Cociñando Matria

Showcooking de Estrella Galicia coa Pintxoteca Mar

Xoves 18 | 19 h. | Praza do Concello



Sergio Vázquez e Yago Valverde son as almas da Pintxoteca Mar, en Vigo. O primeiro como impulsor e o segundo como cociñeiro que chegou a este oficio despois de ter estudiado cinema. A Pintxoteca Mar é unha taberna sen saída de fumes, o que obrigou ós seus impulsores a adaptarse a esta singularidade, a través da imaxinación e o enxeño. O mar é a alma da súa proposta e, partindo desta idea, decidiron crear unha tapa que respire o salitre, a resistencia e a bravura. A tapa leva o nome de Matria, en honor do filme de Álvaro Gago.





Exposición de Collages de Diego Giráldez Collage Catástrofe

Dende o 13 de maio ata o 31 de maio | Círculo Recreativo Cultural

O xornalista e escritor Diego Giráldez descubre en Cans outra das súas facetas artísticas: o **collaxe**, técnica que practica dende a mocidade e na que o cine sempre estivo presente, igual que en toda a súa obra literaria. Na mostra Collaxe Catástrofe, mestúranse mulleres que ben poderían protagonizar unha comedia romántica de Capra con homenaxes a filmes do cine de catástrofes dos 70, como O coloso en chamas ou Terremoto. Cada anaco de papel dun collaxe de Diego é un fotograma.



Exposición 20 anos de Rei Zentolo

Venres 19 | Apertura exposición 19 h. | Invernadoiro de Juan e Mucha do Peso

Rei Zentolo cumpre 20 anos, os mesmos que o Festival de Cans. Nestas dúas décadas, os seus deseños —moitos deles, inspirados no cinema— convertéronse nunha das referencias iconográficas do noso país, coa súa mestura de cultura galega e retranca, pasados polo filtro estético do pop art: aí están Heidi Metal, a Rosalía de Castro ó xeito de Warhol ou os míticos Pementos de Padrón Picantes, tanto ou máis ca os Red Hot Chili Peppers nos que están baseados. Poderemos velos —eses e moitos máis— nos arredores do Invernadoiro de Juan e Mucha do Peso.



CANS SENIOR

Luns 15 | Apertura exposición 11 h. | Centro de Día de Torneiros

Máis de cen persoas maiores de dez centros de día de Galicia participan na decoración do Can do festival de Cans, facendo un exercicio da súa memoria cinematográfica. Todos os Cans finalistas expóñense no centro de Día Torneiros.



EXPO DO BICHEIRO: Cans Bulevar

Venres 19 | Camiño do cemiterio ó parque do Río

Os jalpóns, os chimpíns, as galiñas ou a chegada de caras coñecidas ó noso festival son protagonistas das viñetas coas que o xenial debuxante Luis Davila, O Bichero, sempre consegue arrincarnos unha gargallada. Esta expo é unha retrospectiva viva que continúa medrando cada ano.



CONCURSO PINTAR O CINE

Apadríña GALPI

Xoves 18 | de 15 a 21 h. | Rúa Ramón González

O festival acolle de novo este concurso de pintura rápida no que os participantes deberán crear —na Praza do Concello e diante do público— unha obra de inspiración cinematográfica que inclúa a silueta do Can de Cans.



MINICANS PARADE

Venres, 12 de maio | Rúa peonil do Concello e comercio local

Nenas e nenos de educación infantil dos colexios do Porriño participan neste certame no que traballan con ideas relativas ó cine e a igualdade, decorando a silueta do Can do festival.



PROXECTO SENTA

Sábado 20 | Todo o día | Diferentes espazos de Cans

O Proxecto Senta é unha reflexión dos arquitectos CREUSECARRASCO, a través de diversos bancos espallados por Cans, na que establecen un paralelismo entre o feito de estar sentado nun banco e gozar do que te rodea, e o de estar sentado nunha sala de cinema, vendo as imaxes pasar. O festival actualiza este proxecto, recuperando varios dos bancos emblemáticos que hai na aldea.



PROXECTO CANS 303

Mércores 17 | 21.30 h. | Torreiro de Cans

Cada ano, o Festival pon en marcha o Proxecto Cans 303: a realización dun documental colectivo, coa participación das veciñas e veciños de Cans e coordinado polo cineasta e videoartista Juanma LoDo, que rescate a memoria e provoque a reflexión sobre aspectos poucos coñecidos da historia da nosa aldea.

De casa en casa

2023 | 21' | Galego | **Estrea absoluta**

Coordinador: Juanma LoDo **Realizada por:** Ángel Rodríguez, Fefi Domínguez Senlle, Juan López, Castiñeira Roi e Carlos Rodríguez. **Vai de:** Ata os anos 70 do século pasado, determinadas labores cotiás nas casas requirían do traballo de toda a comunidade, onde as mulleres xogaban un papel imprescindible. De Casa en Casa recolle as testemuñas destes oficios extinguidos, de mulleres que percorrían as aldeas coa máquina de coser ao lombo, cociñaban nas celebracións doutras casas ou ata facían de parteiras para axudar a parir a outras mulleres. Casi sempre traballos duros, de pe, en xornadas interminables. **Este documental é unha homenaxe ás veciñas de Cans que adicaron as súas vidas ao traballo e á comunidade.**



ROTEIROS

Roteiro cinéfilo literario con Carlos Meixide

Xoves 18 | 10.30 h. | Saída do Torreiro de Cans

Venres 19 | 10.30 h. | Saída do Torreiro de Cans

O escritor Carlos Meixide acompáñanos aos recunchos menos coñecidos da parroquia, onde transcorre Cans, a súa popular novela de aventuras para público adolescente; un libro ilustrado pola pintora María Meijide que centra a trama nun grupo de rapaces que acoden a Cans a rodar unha curta durante o festival.



CANSONORO

Roteiro musical con Xurxo Souto: "De casa en casa"

Sábado 20 | 10 h. | Saída da Rotonda do Can

Como xa é tradición no Festival de Cans, Xurxo Souto, escritor e cantante dos Diplomáticos de Montealto, acompañado polos acordeonistas de AcordeCans, guiará un paseo no que repasará a historia e tradición musical da aldea de Cans. Este ano, o roteiro parte das historias recollidas no documental colectivo De casa en casa.





INAUGURACIÓN DA RÚA EFÉMERA

Roberto Vidal Bolaño

Martes 16 | 10:30 h. | Lateral do Torreiro

Coa presenza da familia de Vidal Bolaño, de Isabel Blanco, Delegada en Galicia da Fundación AISGE, e de Valentín García, Secretario Xeral de Política Lingüística.

As Rúas Efémeras son a homenaxe que o Festival de Cans adica a persoas que tiveron unha contribución relevante no ámbito do cinema e do audiovisual en Galicia. Cada ano reivindicase a figura de personalidades desaparecidas, para crear un *rueiro emocional presente nos días que dura o festival*. O nome de Roberto Vidal Bolaño únese a un rueiro no que xa están as placas adicadas ó cineasta Chano Piñeiro, e ás actrices Pilar Pereira e María Casares.

Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela, 1950-2002) foi dramaturgo, actor e director teatral e converteuse nunha figura imprescindible para comprender a dimensión do teatro galego. Desde o seus inicios nos anos setenta, coa mítica Xeración Abrente, ata o ano mesmo da súa morte, a produción literaria de Vidal Bolaño é constante e sempre orientada a armar un edificio teatral galego perdurable. Todos os estudosos coinciden en salientar a súa constante preocupación pola experimentación, por dialogar coa tradición culta e popular, literaria e histórica, social e política. RVB non é só un autor imprescindible para o noso sistema literario, senón que é considerado un dos dramaturgos europeos máis importantes do último cuarto do século XX. Cans tamén quere reivindicar con esta rúa a figura menos coñecida de Vidal Bolaño como cineasta pioneiro en Galicia, dentro do grupo Lupa, nos anos 70.



Homenaxe ao Can de Cans

Mércores 17 | 20.30 h. | Rotonda de Adroza

O Can de Pedra, situado na rotonda de entrada á aldea é un dos grandes símbolos do festival. Aí arranca cada edición coa descuberta do seu traxe. *Con que nos sorprenderá este ano?*

MURO DOS CHIMPÍNS

Colocación da placa María Jesús Sánchez “Mari da Carreira”

Mércores 17 | 21 h. | Muro dos Chimpíns, na baixada ao río de Cans

Desde 2015, o Muro dos Chimpíns é o espazo de homenaxe a todos os veciños e veciñas que recibiron o Chimpín de Prata ‘Premio Pepe Puime’, o galardón que o festival concede a aqueles que destacan polo seu fantástico traballo para facer grande o Festival de Cans. Alí están nomes como o do histórico e tan querido condutor de chimpíns, Pepe Puime, xa falecido. Este ano súmase á lista, moi merecidamente, Mari da Carreira.





Noite das Homenaxes

Venres 19 | 22 h. | Espazo Estrella Galicia da Leira do Río

A Noite das Homenaxes no Espazo Estrella Galicia da Leira do Río é unha das noites máis emotivas do Festival de Cans, que remata coa entrega do Premio Pedigree de Honor, que este ano será para Luis Zahera. Ademais presentaranse os xurados do festival, así como o xurado das veciñas e veciños, ademais de "19 Cans", o documental de Javi Sobrado sobre a última edición do festival.



Noite d@s Veciñ@s

Mércores 17 | 21.30 h. | Torreiro de Cans

Viviremos a noite máxica das veciñas e veciños da aldea. Presentación dos Guías dos Camiños, xurado das veciñas e veciños, coa música das Pandereteiras de Cans e Acordecans. Presentación do documental "De Casa en Casa" e a estrea do videoclip "Arousa Navegante" de Couple Coffee, dirixido por Fefi Senlle.



Gala entrega de premios

Sábado 20 | 23 h. | Espazo Estrella Galicia da Leira do Río

Como cada edición, coñeceremos ós premiados deste Festival de Cans 2022. O acto de entrega dos prezados cans de pedra en todas as categorías, poñerá o peche ó certame.



Estrelas no Torreiro

Javier Gutiérrez

Venres 19 | 13.30 h. | Torreiro de Cans

Luis Zahera

Venres 19 | 21 h. | Torreiro de Cans

Nathalie Poza

Sábado 20 | 13.130 h. | Torreiro de Cans



Procesións de chimpibuses

Xoves 18 | 20 h. | Saída da Praza Arquitecto Antonio Palacios ata o Círculo Recreativo Cultural

Venres 19 | 21 h. | Saída desde a rotonda de Adroza ata a o Espazo Estrella Galicia da Leira do Río

Sábado 20 | 15.30 h. | Saída desde a Casa de Rafa e Paz ata o Torreiro

Un clásico do Festival de Cans son os desfiles de chimpíns. Os veciños da aldea engalanan os vehículos oficiais do certame para pasear os participantes ao ritmo da música...



DOSIER DE PRENSA

Comunicación do Festival de Cans 2023

José Luis Estévez

comunicacion@festivaldecans.com

T 661 025 476